



Buen

Unidade Didáctica “Se vou a Buen en bou, vou...”

UD para 3º Curso do segundo ciclo
de Educación Infantil.

Coñecemento do medio natural
3º Grado Educación Infantil.
Ourense 2013
Mª José González Diz
María Miguélez Vila

ÍNDICE:

1- XUSTIFICACIÓN DA NOSA ELECCIÓN:.....	4
1.1-Que se pretende coa devandita U.D:	5
1.2-Destinatarios:	5
1.3-Número de sesións de traballo:	8
1.4- Momento máis idóneo para o seu desenvolvemento:	8
1.5- Relación con outras U. Didácticas:	8
1.6- Referentes curriculares:	9
2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: PARA QUÉ ENSINAR?.....	10
2.1- Obxectivos Xerais:	10
2.2- Os Obxectivos TERMINAIS, concretos para esta unidade son:	12
3- CONTIDOS: QUÉ ENSINAR?.....	10
3.1- Contidos do curriculum:	14
3.2- Contidos terminais ou concretos para as actividades desta UD.....	22
4-COMPETENCIAS BÁSICAS:	23
5- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS: CÓMO ENSINAR?.....	27
6-ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE:	30
7-RECURSOS DIDÁCTICOS:	30
8-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:	31

9- EDUCACIÓN EN VALORES.....	36
10- AVALIACIÓN:.....	37
11. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA	39

ANEXOS:

1. Calendario
2. Aula
3. Rutinas
4. Actividades diarias
5. Proxecto "Coñece a túa contorna"
6. Táboa de organización das actividades tendo en conta as rutinas diarias e o tempo dispoñible
7. Ficha resumida da Unidade Didáctica.
- 8., 9. Fichas de Avaliación e Autoavaliación.

Con intención de que a linguaxe utilizada nesta Unidade Didáctica sexa correcta e ao tempo non discriminatoria tentamos utilizar palabras que xeneralizaran o sexo e incluíran tanto aos homes como ás mulleres, nalgúns casos isto resulta forzado, e repetitivo, polo que sempre que utilizemos o xenérico "nenos", "mestres" ou calquera outro nos referimos tamén ao xénero feminino.

1-XUSTIFICACIÓN DA NOSA ELECCIÓN:



Neste caso máis que unha elección foi unha imposición, o tema desta unidade didáctica, Bueu, foi asignado pola profesora e deuse a casualidade de que ningunha de nós estivera nunca en Bueu. Nun primeiro momento quedamos desconcertadas porque o tema do mar e da contorna costeira nos é moi pouco coñecido, pero nunha primeira busca atopamos moita información interesante e nos animamos a seguir

investigando. Unha das páxinas de referencia é a do concello de Bueu¹ onde atopamos unha sección de descarga de documentos² que nos axudou moito, ademais nos proporcionou o contacto con Arturo Cidrás, a persoa que encarga desta páxina e que se ofreceu a resolvernos as dúbidas que nos xurdiran. O que máis nos desconcerta é o feito de que o descoñecemento nos faga valorar como demasiado importantes aspectos que en realidade son irrelevantes ou non profundizar noutros que nos pasen desapercibidos. Por outra parte pensamos que tamén a nosa ignorancia pode dar unha perspectiva infantil á nosa investigación que sexa frutífera á hora de crear actividades ou secuencias de aprendizaxe. Queremos reivindicar a importancia da contorna en EI, e profundizar na paisaxe como Fogar do ser humano: o medio natural, xunto co medio "artificial", aquel creado polo ser humano que por unha parte depende e por outra modifica o natural. Para conseguir esta

¹ <http://www.concellodebueu.org/index.php?idioma=ga>

² <http://viladebueu.wix.com/bueu>

recreación imos mesturar actividades que teñan como obxectivo o coñecemento de todos os aspectos que configuran a paisaxe de Bueu como fogar dos nenos da nosa escola. Trataremos a flora e a fauna, a economía, a cultura, as tradicións e a arte.

1.1-Que se pretende coa devandita U.D:


Dentro da programación didáctica para o ciclo de EI no noso centro, temos previstas unha serie de actuacións conxuntas ou traballos comúns para toda a etapa ou para todo o colexio. Neste caso a unidade didáctica que imos expor neste traballo é parte do proxecto conxunto " Coñece a túa contorna " que se fai en coordinación e colaboración co corpo docente de Infantil e Primaria. O alumnado se ocupará durante dúas semanas dun tema relacionado con Bueu: natureza, relevo, economía, tradicións, festas, gastronomía.... A segunda semana coincide co día 8 de marzo, día da muller, polo que cada clase vai dedicar un día ao estudo e coñecemento da vida e traballo das mulleres que realizan traballos tradicionais neste concello: redeiras e traballadoras da conserveira no noso caso. Durante as dúas semanas traballaremos todos os aspectos motrices, creativos, emotivos, reflexivos... que esixe a globalidade da etapa da educación infantil. O último día, venres 8, se fará unha exposición final de paneis informativos con exposicións por parte dos nenos dos temas que tratamos durante a semana. Será unha festa conxunta onde compartir o que aprendemos, divertírnos e traballar en conxunto con todos os compañeiros do colexio.

1.2-Destinatarios:

Nun primeiro momento pensamos e facela para un colexio de Ourense, pero non lle atopamos sentido para a etapa de Educación Infantil. Pensamos que sería máis correcto deseñala para un colexio da zona, para nenos aos que lle fóra significativa a contorna. Por esta razón supuxemos que a nosa aula está nun colexio público situado na vila de Bueu, o CEIP A Pedra³. Cumpria as nosas expectativas e resultou seu un centro moi interesante cunha

³ <http://centros.edu.xunta.es/ceipapedra/index.htm>

gran actividade centrada no seu entorno inmediato e que se pode consultar na súa web, moi completa e que nos foi de gran axuda á hora de realizar este traballo. Como se pode observar no mapa o CEIP está no centro urbano de Bueu



Dirixida e programada para o alumnado de 3º curso do 2º nivel de EI. A aula de cinco anos é a culminación e o peche dunha etapa de crecemento e dunha etapa escolar. Interiormente prodúcense cambios de gran importancia. Gran parte da súa enerxía oriéntase a investigar o mundo que o rodea, a explicarse e pedir explicacións. E exteriormente o neno encara o último curso da Educación Infantil, preparase para ser un neno de primaria e levar, sobre todo asentados os requisitos básicos para a lectoescritura e o cálculo. Na nosa aula de 16 nenos e nenas, equilibrada en canto ao sexo, atopamos diagnosticados dous casos de nenas TDA de tipo inatento⁴ e un neno que se incorporou á aula a finais do mes de febreiro. Cada vez son maiores as evidencias sobre a existencia dun trastorno atencional puro e outro con sobreactividade acompañado de impulsividade, segundo García Sevilla⁵. As nenas con déficit de atención sen hiperactividade, distráense frecuentemente en clase, pero non se moven en exceso e poden estar absortas na súa tarefa tranquilamente durante un bo intre. Estas nenas son alumnas pasivas, nada inquedas, trátase de nenas moi tranquilas. Non son impulsivas, pero si despistadas e distraídas. En xeral todo fano con lentitude, ata o responder en clase.

En xeral, as características que podemos observar no aula son:

Distráense moi facilmente.

Teñen dificultade para escoitar ordes e acatalas.

Son desorganizadas e pouco coidadosas coas súas cousas.

Resúltalles difícil xogar e traballar con independencia

A diferenza destas nenas inatentas cos nenos hiperactivos con predominio de déficit de atención está nos seus problemas atencionais. Os nenos con TDA-H ademais do seu impulsividade, o seu movemento descontrolado e o seu carácter normalmente conflitivo teñen dificultades para manter a atención durante o tempo necesario para poder realizar as súas tarefas escolares con éxito. Os nenos inatentos ademais da súa baixa actividade e impulsividade, poden manter a súa atención durante longos períodos de tempo: o seu problema atencional non se refire á cantidade da súa atención, á vez que poden mantela, senón á calidade da mesma. O que lles impide render na escola é a súa incapacidade de focalizar a súa atención, de poder ver os detalles importantes e deixar de lado os superfluos.

⁴ Explicamos con máis profundidade este problema no punto 8. Atención a diversidade

⁵ GARCÍA SEVILLA, J. (1997): *Psicología de la Atención*. Madrid: Síntesis Psicología.

Estableceremos estratexias inclusivas para facilitar a estas dúas nenas e ao neno de incorporación tardía o acceso ao curriculum, aos contidos que programamos para esta unidade didáctica e a consecución dos obxectivos que tentamos acadar.

1.3-Número de sesións de traballo:

Programamos esta unidade en dez sesións en cooperación continua e colaboración con toda a etapa educativa. Ver anexos

1.4- Momento máis idóneo para o seu desenvolvemento:

Propomos a realización desta unidade didáctica na última semana do mes febreiro e primeira semana de marzo, coincidindo co día da muller, 8 de marzo, venres. Tomamos como referencia o calendario publicado para este curso 2012/2013 e que podemos ver no Anexo 1.

1.5- Relación con outras U. Didácticas:

Ainda que esta unidade didáctica forma parte dun traballo conxunto con outros niveis, comparte co resto de unidades didácticas, que teoricamente darían forma a programación total deste curso, un estilo, unha forma que se resume a partir dun centro de interese: a narración, o conto, as historias e narracións que forman parte das nosas vidas. En todas as unidades didácticas desta programación, nos movemos en torno á convicción de que a narratividade, a creatividade e a actividade motriz do alumno consegue que as actividades sexan máis efectivas e a metodoloxía máis próxima ao modo de entender humanos: "*Recuperar la inconmensurable y fructífera relación entre mente y cultura*" (J.Bruner)⁶ Polo tanto a nosa proposta é partir dun

⁶ <http://redalyc.uaemex.mx/pdf/356/35614571028.pdf> Moisés Esteban Guilar: "Las Ideas de Bruner. De la Revolución cognitiva a la revolución cultural"

conto e a partir de aí ir desenvolvendo todos os contidos nas actividades correspondentes e coa intención de acadar os obxectivos e as competencias que imos a subliñar máis adiante.

Todas as unidades didácticas que compoñen a programación en comezan coa presentación dun conto, as veces os contos aparecen completamente nas primeiras sesións e outros a trama vaise desenvolvendo ao tempo que se van facendo actividades. Ademais deste punto de partida as unidades didácticas, e esta é un exemplo claro, teñen estruturas comúns que van dando lugar a resultados froito da colaboración entre aulas ao longo do curso. Ao comezo desta UD contamos unha historia da Illa de Ons que pretendemos que sexa motivadora e introdutoria. A estrutura narrativa do conto que destacamos como fío condutor de toda a programación, nos axudarán a poñer en marcha o traballo aportando unha idea xeral, moi accesible e a partir da que reflexionar e coñecer as ideas previas das que partimos, o que saben os alumnos e ata onde queremos chegar.

1.6- Referentes curriculares:

Os elementos curriculares da nosa Unidade Didáctica teñen como referentes legislativos a Lei Orgánica de Educación (L.O.E.), Real Decreto 1630/2006 e Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a etapa de E.I. Elaborouse en coordinación co equipo de ciclo de E.I e E.P (respectando as decisións da CCP⁷). Tendo en conta que a resposta educativa pretende ser individualizada, o centro establécea en función da súas características, polo que os docentes á hora de elaborar a nosa programación de aula, non podemos esquecer tomar como referente os distintos documentos organizativos do centro, e dicir, Proxecto Educativo (no que están incluídos as concrecións curriculares dos ciclos e normas de organización do centro (antigo RRI); PXA, PAT, PAD. Ditos documentos establecen: a ideoloxía do centro, as medidas de atención a diversidade, a organización dos espazos e tempos, a organización dos elementos curriculares, as vías de coordinación a nivel interno/externo, a implicación das familias e a comunidade educativa, o tratamento dos factores socioculturais, as saídas que estean programadas para este curso, así como, os diferentes plans e propostas de mellora que se estean levando a cabo no centro educativo: Plan de convivencia, Plan de Acollida, Proxecto lector, Plan das TIC 'S...e calquera outro que se especifique na Programación Xeral Anual.

⁷ Comisión de Coordinación Pedagóxica

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: PARA QUÉ ENSINAR?

2.1- Obxectivos Xerais:

Os obxectivos terminais que regulan a práctica educativa no presente curso escolar son os que se recollen no Real Decreto 1630/2006 (que emana da LOE), e o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a etapa da E.1. Os obxectivos xerais da etapa establecen de xeito prescritivo, as capacidades que se espera que os nenos desenvolvan como consecuencia da intervención educativa ao rematar a etapa de E.1. Están expresados en termos de capacidade (habilidades xerais a desenvolver no alumnado).

Ditos obxectivos fan referencia a gran tipo de capacidades que se articulan en torno aos cinco ámbitos de desenvolvemento do alumnado dende unha perspectiva globalizadora, polo que se desenvolven capacidades: *cognitivas, motrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social*. A partir destes obxectivos e as concrecións curriculares do ciclo e o Proxecto educativo do centro, seleccionamos os obxectivos didácticos para esta unidade en concreto.

Dos obxectivos xerais que establece o Decreto para cada unha das áreas seleccionamos os seguintes para esta unidade didáctica:

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

1. Formar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- 2.- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicalos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros.
- 4.- Realizar, de xeito cada vez mais autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- 5.- Adecuar o seu comportamento as necesidades e requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
- 6.- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

- 7.- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
8. -Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- 1.- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.
- 2.- Relacionarse cos demais, de forma cada vez mais equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- 3.- Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- 4.- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- 5.- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- 6.- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, orden e cuantificación..
- 7.- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación
8. -Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- 1.- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- 2.- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste a intención e situación.
- 3.- Comprender as intencións e mensaxes de outros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
- 4.- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.
- 5.- Iniciarse nos usos sociais da lectura e na escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
- 6.- Iniciarse no uso oral da lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e goce ao participar nestes intercambios comunicativos.
7. -Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
8. -Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
9. -Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das tic -ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

2.2- Os Obxectivos TERMINAIS, concretos para esta unidade son:

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL

1. Identificar os sentimentos propios e saber comunicalos.
2. Identificar e respectar os sentimentos alleos establecendo unha actitude empática.

3. Valorar o traballo ben feito, tanto propio coma alleo.
4. Evocar feitos, acontecementos e vivencias persoais.
5. Adquirir hábitos e actitudes asociadas coa seguridade persoal.
6. Adquirir hábitos asociados coa alimentación e o fortalecemento da saúde.
7. Comprender a diferenza de sexos e o papel do home e da muller na sociedade actual.

COÑECEMENTO DO ENTORNO

1. Relacionarse cos demais cada vez de forma máis equilibrada e satisfactoria.
2. Coñecer a illa de Ons e situar a súa posición xeográfica.
3. Amosar curiosidade e interese por explorar a flora e a fauna situada na illa de Ons.
4. Coñecer e recordar as características básicas da flora e fauna da illa de Ons.
5. Descubrir os oficios e distintos grupos sociais máis representativos de Bueu.
6. Identificar as ubicacións e as edificacións máis importantes de Bueu, adquirindo unha orientación espacial básica.
7. Recoñecer das posicións esquerda/dereita e arriba/abaixo respecto a un referente. Dentro/Fora.
8. Realizar seriacións de elementos verbalizando o criterio da serie.
9. Situar en orden cronolóxico as escenas de contos ou tarefas previamente plantexadas.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. Utilizar e valorar a lingua oral como instrumento de comunicación e de expresión persoal.
2. Empregar o vocabulario temático e científico. Esforzarse por adquirir un vocabulario correcto.
3. Realizar os trazos propostos.
4. Comprender o argumento dos contos e vídeos da unidade.
5. Escribir palabras da unidade. Esforzarse e interesarse pola escritura de palabras.
6. Elaborar creacións artísticas partindo de temas presentes na unidade.

3- CONTIDOS: QUÉ ENSINAR?

3.1- Contidos do curriculum:

Os contidos curriculares representan a selección dos elementos que se consideran máis relevantes para potenciar o desenvolvemento global do alumnado e capacitalos para comprender e actuar de forma construtiva na sociedade en que viven; polo tanto, han de ser obxecto de ensinanza e aprendizaxe. A súa misión fundamental é de informar ao profesorado do que debería traballar durante a etapa. Decreto 330/2009 do 4 de xuño, *establece os contidos para a etapa de educación infantil, aparecendo estruturados en tomo ás áreas de experiencias, esta estruturación en áreas ten como finalidade axudar os profesores a sistematizar, ordenar e planificar a súa intervención educativa.*

As áreas ou ámbitos de experiencia que establece o Decreto 330/2009, para a etapa de E.I son:

ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL: fai referencia ao progresivo coñecemento que os nenos van adquirindo de si mesmos, a auto-imaxe que a través deste coñecemento van configurando e a capacidade para utilizar os recursos persoais que en cada momento dispoña. Os contidos que, para esta unidade seleccionamos son:

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe.

- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que reciben das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas – relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...-
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos, xogos, danzas...-
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo- temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.

-Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

Bloque 2. Xogo e movemento. Seleccionamos aqueles contidos que, con base no xogo e na promoción dun ambiente lúdico, se relacionan coa interiorización dun correcto esquema corporal, afianzamento da lateralidade e promoción de novas habilidades.

-Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.

-Satisfacción polo crecente dominio persoal.

-Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.

-Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.

-Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.

-Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

Bloque 3. A actividade cotiá. Seleccionamos os máis directamente relacionados coa creación de bos hábitos e o entramento en autoinstrucións e planificación razoada das accións.

-Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

-Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.

- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.

-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde. Seleccionamos aqueles contidos que fan referencia ao coidado da propia saúde e á comprensión da importancia dos nosos actos no coidado do noso corpo: boa alimentación, observación das normas de seguridade...

-Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-.

-Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.

-Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de riscos.

-Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO: fai mención á ampliación progresiva do medio do alumnado, e o coñecemento da realidade física e social que debe posuír. Este coñecemento implica, ademais dunha determinada representación do mundo (dos obxectos, dos animais, das persoas, dos grupos, dos ambientes, etc.), a esixencia de sentimentos de , pertenza (familia,cultura, grupos, etc.), de interese e de valoración de tódolos elementos que o integran. Deste bloque seleccionamos practicamente todos os contidos que marca o decreto, por ter relación directa coa nosa Unidade Didáctica e os obxectivos que para ela nos marcamos:

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida.

-Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.

-Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situación e con variadas accións.

-Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...

-Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

-Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

-Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.

-Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.

-Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.

-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.

-Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

-Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.

-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.

-Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN: o seu sentido é de ser a mediadora nas relacións entre o individuo e o medio. As distintas formas de comunicación e representación (verbal, xestual, musical, etc.), serven de nexos entre o mundo interior e exterior, son instrumentos que posibilitan as interaccións, o coñecemento e tamén a representación, así como a expresión de pensamento, sentimentos e vivencias... O desenvolvemento dos aspectos comunicativos, lingüísticos e expresivos garda, por tanto, unha relación estreita cos considerados nas áreas citadas con anterioridade.

Bloque 1. Linguaxe verbal.

Escoitar, falar e conversar.

-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

-Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.

-Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.

-Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.

-Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.

-Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas - saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...-.

-Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

Aproximación á lingua escrita.

-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas. Contextualizadas e reais.

-Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

Achegamento á literatura.

-Participación creativa en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeias...- acompañados de respostas corporais - xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.

-Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

-Dramatización de textos literarios, disfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.

-Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima

e a beleza das palabras producen.

-Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinión provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

-Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

-Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

-Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías...- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...

-Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.

-Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.

-Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

-Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo.

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

-Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

- Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.

3.2- *Contidos terminais ou concretos para as actividades desta UD*

- Manifestación e regulación progresiva dos sentimentos, emocións, preferencias, intereses...
- Valoración e actitude positiva ante as demostracións dos sentimentos dos demais, iguais e adultos.
- Gozo e disfrute co xogo como medio para coñecer o entorno de Bueu.
- Adquisición de nocións espaciais sobre a distribución xeográfica de Bueu.
- Conciencia da propia competencia e interese por participar en actividades da vida cotiá.
- Adquisición de hábitos de atención, organización e planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Identificación de hábitos alimentarios adecuados.
- Distinción e coñecemento dos diferentes tipos de flora e fauna presentes na illa de Ons.
- Coordinación, colaboración e axuda cos iguais e cos adultos.
- Interese polas explicacións dos demais.
- Cumprimentación das fichas escritas propostas na unidade.
- Realización das propostas plásticas propostas na unidade.
- Lectura das palabras elixidas do vocabulario de referencia.
- Demostración dos coñecementos adquiridos sobre Bueu mediante as observacións persoais da actividade cotiá da aula.
- Participación nos debates presentes na clase relacionados cos textos expostos ou con aspectos a comprender da unidade.
- Comprensión e actitude atenta dos relatos narrados na clase.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros e compañeiras.

- Resolución pacífica e consensuada dos pequenos problemas que xurdan na aula.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar os sentimentos, ideas e intereses propios e coñecer os dos demais.
- Valoración das tics coma un medio do que obter información.
- Recoñecemento do papel da muller na cultura de Bueu e valoración desta en equivalencia co home.
- Colaboración grupal e harmónica na realización das experiencias, respectando aos compañeiros e mostrando unha progresiva interiorización das pautas de comportamento xeral.
- Demostración de interese por reciclar de forma adecuada todos os restos das actividades realizadas na aula, para evitar a contaminación do medio ambiente e aplicando os procedementos que se explicaron na aula.
- Participación nas dramatizacións.
- Utilización de cámara e vídeo para gardar testemuña gráfica da nosa investigación.
- Produción de observacións razoadas a partir da práctica na aula.
- Trazo e discriminación visual e auditiva dos grafemas seleccionados B,U,E,O,N,S
- Regulación da propia conduta en función das peticións e explicacións dos demais, ao tempo que inflúen na conduta dos demais: pedindo, dando, preguntando, explicando...
- Interese polas explicacións dos demais.
- Valoración de coñecemento científico por encima dos coñecementos vulgares adquiridos por experiencias non contrastadas.

4-COMPETENCIAS BÁSICAS:

As CC.BB. son aqueles coñecementos destrezas e actitudes necesarios para que o noso alumnado alcance o seu desenvolvemento persoal, escolar e social. Estas competencias alcánzanse a través do currículo formal, das actividades non formais e das distintas situacións ás que se enfrontan cada día,

tanto na escola, como na casa ou na vida social. A competencia, demóstraa o alumnado cando é capaz de: *actuar, de resolver, de producir o de transformar a realidade a través das tarefas que lle propoñemos.*

Ao longo do curso escolar traballaremos todas as CC.BB. establecidas pola Unión Europea, a LOE (2/2006 do 3 de maio), e as definidas no Anexo 11 do Decreto 33012009 do 4 de xuño. As competencias, pola súa propia natureza, están estreitamente ligadas ao curso da vida e da experiencia, polo que non poden esixirse nun nivel inicial. Porén pensamos que favorecer o desenvolvemento inicial das oito CC.SS, establecidas na nosa comunidades autónoma, a través de distintas situacións didácticas (tarefas, obradoiros, asembleas, proxectos, etc.), e deste xeito inicialos no desenvolvemento das mesmas, é unha tarefa de suma importancia para o seu desenvolvemento posterior e para aumentar as súas posibilidades de triunfo na vida académica. Dun xeito resumido incluímos a continuación referencias prácticas do que significan para nós cada unha das oito competencias e as relacionamos coas actividades que propomos para esta unidade didáctica. Os números corresponden ás actividades que se explican no Anexo 4:

Autonomía e iniciativa persoal.

ACTIVIDADES 3, 5, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 31, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 51, 52, 53, 54, 55, 57, 58, 59.

Desenvolvemento da rutinas diarias.

Incremento da propia iniciativa na súa realización.

A resolución dos problemas que poden atopar no xogo.

O cálculo dos riscos que comportan determinadas situacións.

Competencia en comunicación Lingüística.

ACTIVIDADES 1,3,5,8,10,14,15,17,19,21,22,26,29,31,35,38,41,43,44,45,46,47,51

Descibir persoas, obxectos e situacións.

Comprender contos e relatos lidos ou contados por outros.

Comprender e interpretar imaxes: viñetas, contos, fotografías, pictogramas...

Comprender, memorizar e recitar poemas refráns e adiviñas.

Ler e escribir palabras sinxelas.

Competencia Matemática.

ACTIVIDADES nas rutinas diarias e 3, 9, 12, 14, 18, 20, 22, 25, 27,28, 31, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 46, 48, 49, 50, 51, 52, 57,

Manipulación de obxectos, da identificación dos seus atributos e calidades, do establecemento de relacións de clasificación e orde, do emprego de cuantificadores básicos (cantidade, tamaño, espazo, tempo).

A representación do espazo e o recoñecemento e o emprego de contidos vinculados á xeometría (linguaxe plástica) e ao ritmo (música)

Competencia Social e cidadá.

ACTIVIDADE 2, 4, 7, 9, 10, 11, 13, 15, 19, 20, 21, 25, 6, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 37, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 47, 49, 53, 54, 55, 56, 59.

Actividades de xogo simbólico, dramatizacións... para fomentar de maneira lúdica habilidades sociais.

Promover situacións e actividades en que os alumnos teñan un protagonismo na realización das mesmas e reciban información de como son tanto por parte da familia como doutros adultos cos que convive.

Empregar as actividades cotiás para reforzar habilidades que permitan desenvolver e o respecto e o cumprimento das normas.

Competencia no Coñecemento e interacción co mundo físico.

ACTIVIDADE 1, 2, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45, 46,47, 48, 49, 50, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59.

Aproveitar o día a día na aula para que os nenos se sitúen de forma progresiva no tempo.

Realizar propostas que permitan aos alumnos recoñecer a os grupos sociais aos que pertencen.

Facilitar saídas a contornos próximos para que os nenos comprendan os efectos da súa actuación sobre o medio e desenvolvan actitudes de respecto cara ás plantas, os animais e os obxectos.

Aproveitar celebracións ou festas do contorno co fin de que os alumnos empecen a coñecer e valorar as manifestacións culturais e artísticas propias da súa comunidade.

Tratamento da información e Competencia dixital.

ACTIVIDADE 6, 38, 44, 45, 47, 50, 52, 53, 54, 58.

Actividades que exerciten as destrezas necesarias para que os nenos busquen e seleccionen información, tanto en fontes tradicionais como en aplicacións multimedia.

Reforzar con actividades manipulativas a motricidade fina implicadas no manexo do ordenador.

Iniciar a súa actitude crítica á hora de buscar e seleccionar información con actividades que inviten aos nenos á reflexión e ao razoamento.

Invitar aos nenos ao uso do ordenador para que aprendan aspectos básicos da súa utilización.

Aprender a aprender.

ACTIVIDADE 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59.

Actividades cunha duración e unha dificultade adecuadas co nivel e as características dos alumnos.

Potenciar o traballo cooperativo formulando actividades que posibiliten a interacción alumno-alumno.

Promover a participación activa do neno na realización das actividades.

Favorecer a participación dos nenos no funcionamento e organización da clase.

Competencia cultural e artística.

ACTIVIDADE 3, 5, 6, 12, 15, 22, 24, 25, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 41, 43, 45, 46, 47, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 58, 59.

Actividades para coñecer, comprender e valorar as manifestacións culturais e artísticas.

Actividades artísticas con distintos materiais e técnicas plásticas para espertar a creatividade dos nenos e das nenas.

Fomentar actividades musicais diversas para desenvolver o sentido do ritmo.3

Utilizar o canto como elemento expresivo e de relación social.

Competencia emocional.

Podemos observala en todas as actividades, debido a interacción e a iniciativa que se fomentan en todo momento en todas as actividades .

Favorecer nas rutinas diarias actividades para aprender a recoñecer, expresar e controlar os propios sentimentos e os dos demais.

Promover actividades que permitan aos nenos desenvolver as capacidades necesarias para controlar o propio comportamento e tolerar a frustración.

Dar oportunidades nas actividades cotiás para que os alumnos tomen conciencia de que eles tamén poden ensinar cousas novas e ofrecer axuda aos outros.

5- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS: CÓMO ENSINAR?

Imos considerar as orientacións metodolóxicas recollidas no anexo I do D. 330/2009 de 4 de Xuño. Fundaméntanse en seis epígrafes:

1-Ambiente de aprendizaxe: destacando os espazos e os tempos. (*PRINCIPIO DE SIGNIFICATIVIDADE*: despertar o interese do neno/a):

A nosa aula ocupa un espazo aproximado de 82 m² nela desenvólvese a actividade de 16 nenos. As mesas están colocadas en forma de U de tal xeito que todos os nenos se ven en todo momento (Anexo-2). Para actividades puntuais as mesas cambian a súa orientación e se organizan segundo as necesidades da actividade, do momento didáctico que se está a desenvolver. Nesta aula hai pizarra dixital e algunhas zonas da aula que os nenos poden utilizar cando lles pareza necesario. A zona da biblioteca con xogos de encaixar, apilar, puzzles..., a zona do ordenador con conexión a internet e adaptado para a utilización polos nenos grazas a tarxetas de códigos QR e a zona do descanso e a tranquilidade⁸. A nosa aula é un lugar onde a

⁸ http://hipnologica.com/articulos_pdf/numero3/La_meditacion.pdf La meditación y la relajación en la Educación infantil.

educación socioemocional e en valores ten un lugar de privilexio e isto se reflexa na distribución do espazo e do tempo na que a flexibilidade e a adaptación ás necesidades e ritmos dos alumnos e alumnas é o criterio fundamental.

Con respecto a distribución do tempo parécenos moi importante que exista un equilibrio entre actividades individuais e colectivas, en pequeno grupo o gran grupo, actividades que requiran concentración con actividades máis físicas. As actividades teñen unha duración de 10-15 minutos aproximadamente, pero todo dependera da receptividade dos nenos nese momento e o interese que este despertando dita actividade. No momento de establecer o horario é necesario que os nenos o entendan, polo que deberán ter puntos de referencia que lles impidan perderse. Esta tarefa conséguese coas rutinas, polo que a xornada escolar organizase entorno a rutinas e momentos significativos, que unha vez interiorizadas permiten aos nenos seguridade e capacidade de anticipación ao que hai que facer. Podemos definir as rutinas en educación infantil, como actividades que se repiten diariamente cunha frecuencia determinada. Ao longo da xornada escolar levaremos a cabo as seguintes rutinas: (Anexo 3)

- **RUTINA DE ENTRADA:**formamos un tren para entrar que dirixirá o encargo do día que trae a estrela, entramos cantando. Saúdo bos días, recibimento cálido e acolledor. Quitamos e colgamos as chaquetas e a mochilas. Sentámonos no recuncho da asemblea.(Isto farase pola mañá e pola tarde)
- **RUTINA DA ASEMBLEA:**para saudarnos de forma colectiva cantamos a canción de "BOS DÍAS".O encargado do día ponse de pé e comezamos: ausencias e presenzas, calendario semanal e meteorolóxico; calendario mensual, estacional e anual; Todo isto acompañado de cancións (días da semana, meses do ano); Recordamos algunha noións básicas introducindo o inglés (números, cores, formas xeométricas, abecedario...); recordamos as normas da "Pintega Despistada" e algunhas habilidades sociais; Momento do "Tíralle da lingua" (expresión libre, os nenos falan das súas cousa). Organizamos a xornada: as rutinas do día, os recunchos aos que vai cada neno, os especialistas que van a visitarnos e outras actividades (por exemplo a visita da carniceira). Esta será a asemblea da mañá, pola tarde a asemblea de benvida e recordatorio da maña, e preparación do traballo da tarde.
- **RUTINA DE RECOLLIDA** (cambio de actividade): momentos destinados a recoller e ordenar o material utilizado.
- **RUTINAS DE ASEO, ALMORZO:** facemos unha fila e cantado lavamos as mans, collemos a merenda, o rematar de merendar volvemos a lavar as mans e xogo libre mentres os demais compañeiros rematan.
- **RUTINA DO RECREO:** lavar as mans ao vir do recreo, actividades de relaxación , bebemos.

- RUTINA DA ASEMBLEA FINAL: (pola mañá e pola tarde), reflexión e posta en común do traballado e preparación para a saída, poñemos os abrigos, formamos a fila e dispoñémonos para saír ou para ir ao comedor segundo os casos.

2-Perspectiva didáctica: a efectividade e a confianza van ser o fío condutor de todas as situacións de ensinanza-aprendizaxe. A educación en valores, actitudes e normas facilitarán a sociabilidade e empatía có entorno (*PRINCIPIO DE SOCIALIZACIÓN E GLOBALIZACIÓN*).

O elemento lúdico é fundamental na clase, porque consegue que os nenos aprendan sen excesivo esforzo (*PRINCIPIO DE XOGO*)

3-O papel do profesorado: consistirá en valorar as características propias de cada neno/a, as súas individualidades, conseguir que se sintan protagonistas e responsables das misións que se lles encomenden, sempre respectando a quenda. (*PRINCIPIO DE INDIVIDUALIZACIÓN*) Do mesmo xeito que ideamos unha metodoloxía activa para os alumnos, unha dinámica grupal na que por medio da actividade persoal e conxunta se vaian creando os mecanismos que faciliten a comprensión e fixación dos contidos que se programan, así tamén a figura do profesor e o seu papel na aula terá esas mesmas características. Cremos nun profesor que ensina desde o corazón⁹, deixándose ensinar tamén polos seus alumnos e descubrindo con eles a realidade que os circunda. A súa actuación enmarcarase no paradigma do encontro, da coincidencia emocional e cognoscitiva. Un adulto consciente da fráxil realidade que manexa e que por encima de todo aspira á felicidade e a formación espiritual e humana de todos os que compoñen a clase, e que, en estreita colaboración con outros adultos (pais, comunidade educativa, sociedade) desenvolve actividades e facilita acceso a unha formación integral.

4-O papel do alumnado: será activo e colaborador. Pretendemos que os nenos/as teñan gañas de aprender a través dos contos populares que conectan con eles e coas súas familias e das distintas posibilidades que nos ofrece o ordenador e o encerado dixital (*PRINCIPIO DE ACTIVIDADE*).

5-Agrupamentos: organizaranse para poder atender á diversidade do alumnado e a aprendizaxe de contidos, considerando cada unha das súas potencialidades: gran grupo, pequeno grupo, actividade individual (*PRINCIPIO DE GLOBALIZACIÓN*). Serán variados e en función das necesidades dos alumnos e o tipo de actividade que se leve a cabo. Utilizarase a forma de media lúa para as asembleas, debates, intercambio de ideas, hora do conto. Tendo en conta a idade dos nenos pódese traballar individualmente, por parellas, pequeno grupo e gran grupo. Utilizarase a técnica de monitorización para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

⁹ José María Toro Alé: Educar con co-razón <http://vimeo.com/17282719>

6-Apertura ao contorno: a educación infantil alcanza o seu pleno sentido nun marco de coordinación e colaboración có equipo docente cos titores do primeiro ciclo de primaria. Haberá saídas a modo de excursión polas zonas próximas á escola.

6-ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE:

As actividades poderíanse definir como o conxunto de operacións e tarefas encamiñadas a consecución de un fin (obxectivos). Coa posta en práctica das distintas actividades é como traballamos os diferentes contidos plantexados na unidade didáctica

No momento de deseñar as distintas actividades tivemos en conta o principal modo de aprendizaxe dos alumnos destas idades que son o xogo, o movemento, a observación, manipulación e a experimentación. Tratamos en todo momento que fosen motivadoras, interesantes, desafiantes e xeradoras de conflitos cognitivo e tivesen sentido e funcionalidade para os alumnos. Trataremos de que na unidade didáctica figuren actividades de todo tipo como:

- Actividades de introdución/motivación
- Actividades para coñecer ideas previas
- Actividades de desenvolvemento
- Actividades de consolidación
- Actividades de síntese/resumo
- Actividades de recuperación/ampliación
- Actividades extraescolares

No ANEXO 4 se detallan as actividades para cada unha das sesións.

7-RECURSOS DIDÁCTICOS:

- -A Pizarra Dixital
- -A Conexión a Internet.
- -Software libre: [Audacity](#).

- -Ferramentas na rede: [My Documenta](#).
- -Sitios da aula: [Google sites](#).
- -Material Funxible habitual: Ceras, pinturas, rotuladores, pintura de dedos, temperas, folios, cartóns, telas, revistas, cartolinas, pegamento, tesoiras...
- -Láminas realizadas para fomentar a aprendizaxe incidental na aula.
- -Caixa grande de cartón e outros materiais de reciclaxe para facer o panel da exposición.
- -Pratos e vasos de plástico
- -Xerador de códigos QR
- -O mobiliario da aula, xoguetes e material de construción.
- -Recursos elaborados polos propios alumnos

8-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Cando falamos de TDA inatento o primeiro que nos chama a atención é que, aínda sen datos suficientes para coñecer as porcentaxes, se ven moitas máis nenas que no grupo dos hiperactivos, maioritariamente masculino. O que si que é un dato a ter en conta é a porcentaxe de nenos inatentos que se estima existen entre a poboación infantil. Os hiperactivos representan un 3% mentres que os inatentos son un 13%. Que supón este dato?, pois que é máis probable ter 2 ou 3 nenos inatentos na aula que un hiperactivo. É unha proporción que os docentes han de ter moi en conta e preparar recursos e actividades que ofrezan auténticas posibilidades de triunfo e de aprendizaxe a todos. Tendo en conta estes datos imaxinamos a aula na que se vai desenvolver esta unidade didáctica con dúas nenas con TDA inatento. As compoñentes deste grupo estamos moi sensibilizadas coa inclusión efectiva de todos e todas as persoas que forman a aula, e creemos que é importante e posible crear un ambiente de aprendizaxe harmónico e efectivo sen ter que recorrer a sacar ás persoas con dificultades fóra da aula. Probablemente a realidade nos ofrezca casos nos que se faga en extremo difícil dita integración, pero como esta é una unidade "ideal" establecemos como requisito do funcionamento da aula a inclusión total e a adaptación significativa de todas as actividades que imos propor para todo o alumnado. Dun xeito exclusivamente individual evitaremos situálas en lugares que poidan distraer a súa atención, coma cerca de portas e ventás ao ó lado de compañeiros máis inquietos. Daránselles tarefas de responsabilidade que lles permitan o

éxito e o reforzo da autoestima: reparto e recollida do material, borrar o encerado, ir a buscar un libro a biblioteca. As estratexias de atención á diversidade que incluímos a continuación son unha adaptación do texto de Armstrong¹⁰

Estratexias Educativas:

* As Intelixencias Múltiples:

Segundo Goleman¹¹: "Deberíamos investir menos tempo en clasificar aos nenos e axudarlles máis a identificar e cultivar as súas habilidades e dons naturais. Existen miles de formas de conseguir ou éxito e multitude de habilidades diferentes que poden axudarnos a conseguilo" Este autor xunto con Gardner¹² e a súa teoría das intelixencias múltiples propiciaron un novo marco de comprensión da intelixencia que nos permite actuar de formas diferentes segundo as necesidades de cada alumno e intentar transmitir os contidos do curriculum incidindo na intelixencia que a cada un lle sexa máis próxima, máis efectiva. O neno que non é capaz de centrarse para escoitar e atender a un conto, quizais poida alcanzar os ensinamentos que ese conto que lle transmite por medio da música, as cores, realizando unha interpretación teatral do mesmo conto...O enfoque de Intelixencias Múltiples pode asustar, 16 nenos nesta aula a oito intelixencias cada un, dá un total de...Pode parecer misión imposible, pero cremos que é factible se intentamos buscar estratexias o máis inclusivas posible, estratexias para todos. No exemplo anterior quizais a mera lectura só sexa seguida con aproveitamento pola metade da clase. Realizar a partir desa lectura unha dramatización coa participación de toda a aula camiña cara á inclusión. Non se trata de multiplicar entes innecesariamente e saturarnos con 16 actividades diferentes para cada concepto que queiramos transmitir, senón crear estratexias que permitan que todos os nenos aprendan ese concepto desde as súas distintas capacidades. O enfoque de intelixencias múltiples é un medio útil para captar a atención, por exemplo para un alumno que non escoita as instrucións da mestra podería ser efectivo o ter na aula carteis coas normas

¹⁰ ARMSTRONG, T. (1999) *Síndrome de déficit de atención con o sin hiperactividad. Estrategias en el aula*. Buenos Aires: Paidós. (P.11)

¹¹ GOLEMAN, D (1996) *Inteligencia emocional*. Madrid: Kairós.

¹² GARDNER, H (1985) *Inteligencias múltiples. La Teoría en la práctica*. Barcelona: Paidós.

representadas cunha instantánea dos propios nenos. Sinalar os carteis podería ser suficiente para que os nenos fixesen a fila, colgasen o mandilón, ou se fosen a lavar os dentes. Outra posibilidade é crear unha serie de xestos ou sinais que acompañen ás ordes dos docentes.

* A aprendizaxe incidental: É o coñecemento que adquirimos pola simple absorción do ambiente. Así aprendemos a falar, a andar, a comportarnos correctamente en sociedade, son aprendizaxes que se instalan en nós sen que haxa unha dirección firme, máis ben adquirímolos sen prestarlles demasiada atención. Aínda así son aprendizaxes efectivas, firmes e duradeiros. Aínda que noutros niveis educativos os docentes prestan pouca atención á aprendizaxe accidental, en Educación infantil as clases están cheas de carteis, fotografías, debuxos que amplían a información que nos dá a propia realidade e anticipan coñecementos que se han de establecer no futuro (por exemplo os carteis cos nomes das cousas que hai no aula: andel, percheiro, fiestra...) Algunhas das estratexias que inciden neste tipo de aprendizaxe e que imos utilizar nesta Unidade Didáctica son:

- Presentar as palabras novas á clase mediante carteis.
- Utilizar músicas de fondo e lecturas rítmicas e repetidas de textos.
- Dramatizacións, monicreques, disfraces, para ilustrar algunha materia.
- Organización da clase de tal xeito que todos poidan verse e se favoreza o traballo en grupo..
- Deixar un tempo libre ao día para que os alumnos comecen tarefas libremente elixidas, actividades non estruturadas.

Estratexias cognitivas:

Nos apartados anteriores puidemos entender, polo menos de forma superficial, como pensan os alumnos inatentos, como a súa incapacidade para manter unha atención adecuada e de calidade interfere gravemente nas súas posibilidades de aprendizaxe e convérteo en suxeito seguro do fracaso escolar. Existen estratexias como o autodiscurso, a visualización e a biorretroalimentación que permiten adestrar aos alumnos e dotarlles de recursos cognitivos para minimizar os efectos do seu trastorno.

* Visualización: para os alumnos con hiperactividade asociada ao déficit de atención é moi recomendable o Autodiscurso, fomentar que os alumnos desenvolvan un discurso que acompañe as súas tarefas. Favorece o uso dirixido da mente e reduce a precipitación e a impulsividade. No caso dos Inatentos é máis recomendable a visualización crese que estes nenos "podería procesar máis facilmente a información mediante áreas espaciais posteriores do cerebro que mediante as áreas lingüísticas anteriores" Os nenos inatentos teñen facilidade para realizar imaxes e crear fantasías e a visualización consiste en utilizar esta facilidade ao servizo do curriculum: visualizar os problemas matemáticos, as cantidades... Tamén podemos utilizar contos con grandes imaxes que lles axuden a "ver" o que a el lle pasa e como o personaxe consegue minimizar o seu problema, por exemplo o conto de Lúa, a tartaruga descoidada, que podemos descargar gratuitamente desta dirección¹³. A nosa unidade didáctica ten un alto compoñente visual, vídeos, imaxes, carteis. Todo o que se expón verbalmente ten o seu referente visual para aportar apoio ás nenas suxeitos de intervención e a toda a aula.

Polo que se refire ao caso do neno de incorporación tardía, cremos que é positivo que dita incorporación se produza precisamente neste momento do curso. O feito de estar nunha actividade grupal e moi lúdica ofrece un marco positivo para a súa adaptación. Tamén o feito de traballar con outras clases amplía de xeito exponencial o seu coñecemento do centro, de outros mestres e de compañeiros de outros cursos. Xunto con este ambiente propicio teremos en conta as seguintes actuacións que iremos implementando segundo sexa necesario ata conseguir a integración efectiva do neno en todos os niveis:

A nivel xeral: Procuraremos que o clima da clase sexa afectivo e que se desenvolvan actitudes de non discriminación. Utilizaremos unha linguaxe visual directa que dote de seguridade o alumno. O neno será ubicado preto do mestre titor para garantir unha atención máis individualizada e unha maior comprensión dos contidos transmitidos. Utilizaremos a forma de pequeno grupo, na organización do mobiliario para favorecer un traballo máis individualizado e, o mesmo tempo, a interacción social. Nos grupos nos que estea dito alumno, terase en conta a colocación de compañeiros cos que pareza levarse mellor, no primeiros momentos da escolarización para, posteriormente, establecer unha relación máis fluída có resto da clase. Utilizaremos un vocabulario concreto apoiado na linguaxe corporal e gráfica, garantizando a comprensión dos contidos traballados e como xa explicamos, potenciaremos a aprendizaxe incidental con suficiente información gráfica na aula.

¹³ <http://www.trastornohiperactividad.com/sites/default/files/cuentos/luna/index.html>

A nivel curricular: Continuando co noso interese por manter a todo o alumnado na aula estableceremos un reforzo educativo de apoio ao alumno nos traballos de mesa e no ámbito comunicativo. Reforzaremos os seus logros por pequenos que sexan e manteremos expectativas axustadas á avaliación inicial ou de coñecementos previos que lle administramos cando se incorporou á aula.

Estratexias Afectivas:

Como docentes sempre temos que pensar no desenvolvemento socioemocional dos nosos alumnos, non preocuparnos só do que saben, senón tamén dos que senten e queren, do que esperan dos demais e como se perciben a si mesmos. Ante estas nenas con déficit de atención, nos plantexamos:

Que están sentindo estas nenas?

Que desexan?

Que lles entristece?

Como se senten con respecto á escola? Compañeiros? Pais?...

Hai que preocuparse por como perciben o seu problema e como isto afecta á súa autoestima e por conseguinte á súa autoconcepción e darlles estratexias para aumentar a súa intelixencia emocional.

Estratexias Interpersoais:

Un dos xeitos de crear contornas enriquecidas, contextos máis positivos é o apoio escolar entre alumnos, tanto da mesma clase como de distintas idades. A un alumno con déficit de atención asignaselle outro alumno menor ao que terá que axudar nunha tarefa escolar concreta. Terá que actuar como o membro responsable desa relación. Tamén se pode utilizar a relación contraria, nenos máis maiores ou responsables coas súas tarefas que apoiem e supervisen o traballo dunha alumno con TDA á vez que este ten oportunidade de observar un rol positivo do que aprender formas de conduta aceptables e técnicas de estudo frutíferas. Teremos en conta estes datos para crear os agrupamentos na aula de xeito que beneficien a integración e o desenvolvemento das nenas. E xunto con agrupamentos flexibles, tamén temporalizacións flexibles, adaptas o tempo das actividades ás súas necesidades, non impoñer límites de tempo e cambiar con frecuencia de actividade.

Os alumnos con déficit de atención de tipo inatento fallan na escola, pero moi probablemente poderían, e de feito poden, triunfar noutros ámbitos sociais, noutras tarefas que non son as meramente académicas. A escola esixe un tipo de aprendizaxe que bate de fronte contra as súas posibilidades. Cambiar a escola estaría ben, cremos que estamos nese camiño, pero neste momento aínda é unha utopía. Recoñecer que a escola é unha contorna hostil para moitos nenos onde se lles marca como fracasados ou validos e se lles estigmatiza para sempre, é de xustiza. Facer todo o que estea nas nosas mans para cambiar este panorama é a nosa obrigación. Nós queremos ser mestres, non psicólogos, coas propostas fixemos non pretendemos curar as nosas alumnas con TDA, non son tratamentos curativos, senón ideas prácticas para axudar a estas nenas nesa situación hostil que para elas é a aula.

9- EDUCACIÓN EN VALORES

Todas as actividades e os contidos que con elas se transmiten teñen un obxectivo xeral que se eleva por riba de todos os demais: a formación da persoa, a formación en valores. Este aspecto xa está presente nos contidos da UD, pero podemos concretalo máis dicindo que a educación para a convivencia e a paz, ambiental, para a igualdade e a interculturalidade, do consumidor e a saúde son a base sobre a que se asentán os obxectivos, contidos e criterios de avaliación desta UD.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA E A PAZ

Con esta Unidade Didáctica pretendemos que os nosos nenos/as consigan:

Convivencia na contorna inmediata (familia, escola, barrio). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade ante os problemas e necesidades dos demais, responsabilidade no exercicio dos dereitos e os deberes que lle corresponden como membro do grupo e participación nas tarefas e decisións do mesmo, expresión e control das propias emocións. Valoración do diálogo como instrumento privilexiado para solucionar os problemas de convivencia e os conflitos de intereses na relación cos demais, identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinação, discriminación e inxustiza social e identificación dalgúns trazos de diversidade cultural e relixiosa.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Os nenos desde idades temperás deben habituarse a respectar o medio ambiente, cando saian de excursión, cando van ao parque. Non tirar lixo, coidar e respectar as plantas e aos animais. Con esta Unidade didáctica traballaremos estes aspectos en xeral e en especial na actividade da excursión polas rúas a modo de desfile, respectando a limpeza do seu medio e o coidado da natureza.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE E A INTERCULTURALIDADE

Con esta Unidade Didáctica pretendemos que os nosos nenos aprendan a :

Non xulgar sen coñecer, traballar para conseguir un mundo mellor e igualitario, pornos no lugar da outra persoa (empatía), todos e todas somos iguais e temos dereito a ser escoitados, igualdade entre homes e mulleres, non crese mellor nin peor que outros, coñecemento de disfraces de diferentes culturas e integración e coeducación.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

Con esta Unidade Didáctica pretendemos que os nosos nenos aprendan a :

Valorar positivamente un consumo responsable, valorar o aforro e distinguir e tomar conciencia do desexo e a necesidade no consumo cotián.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Con esta Unidade Didáctica pretendemos que os nosos nenos aprendan a :

Adquirir progresivamente hábitos de alimentación adecuados, coñecer a transformación dunha materia prima nun elemento elaborado e coñecer a procedencia de varios alimentos (animal, vexetal ou mineral).

10- AVALIACIÓN:

Segundo o artigo 7 do RD 1630/2006 neste segundo ciclo da EI a avaliación será global, continua e formativa. E será avaliación dos produtos e dos procesos, entendendo por produtos os resultados de aprendizaxe dos alumnos e por proceso o propio desenvolvemento do encontro educativo

programado con cada UD. Os resultados que os alumnos acaden, as estratexias que adquiren, os coñecementos que demostren e as actitudes que defendan e externalicen, van ser o referente que faga mudar aspectos da programación pouco satisfactorios para intentar, en próximos cursos mellorar a labor docente e os resultados globais do alumnado. E con esta reflexión quería rematar a modo de conclusión, a provisionalidade absoluta de toda esta proposta en espera dos resultados que dito esquema teña que dar na aula. Entendemos a programación como un exercicio de ensaio continuo e de mellora progresiva que vaia urdindo unha trama pola que os alumnos podan ascender e encarar con éxito o duro camiño escolar que se lles amosa á volta deste último curso da Educación Infantil: prerrequisitos lectores e de escritura, motivación, sensibilidade, autoconhecimento e amor ao próximo.

Instrumentos de Avaliación: para levar a cabo esta avaliación o principal instrumento será a observación directa, aínda que tamén utilizaremos outros procedementos e instrumentos:

As entrevistas de inicio do curso; Os diálogos e conversas (especialmente nas asembleas); Diario do profesor; Diario da clase e rexistro das actividades do grupo; Anecdotario; Escalas de observación e estimación; Listas de control; Rexistro da adaptación e do progreso dos alumnos de incorporación tardía ou extranxeiros.

Nas Unidades Didácticas deseñaremos unha escala na que valoraremos a adquisición dos contidos que consideramos para cada unidade. Podemos ver a ficha de avaliación individual desta unidade no Anexo 6.

Documentos en relación aos alumnos: Ficha persoal; Expediente persoal; Informe trimestral; Informe final da etapa; Libro de escolarización

Documentos en relación ás familias: Rexistro de participación e aportacións; Libreta correo.

Autoavaliación: Levarase a cabo de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se estea levando a cabo cós alumnos e os resultados que se obteñen. Haberá que ter en conta tamén a valoración da capacidade do mestre para adaptarse a novas situacións ou dificultades que poidan presentar os alumnos e os problemas e realidades que presenten o centro e alumnos. Sería moi interesante deseñar un instrumento no que se utilice a triangulación das fontes: ter en conta opinións doutros profesores, profesionais e as familias...Para esta UD deseñamos un instrumento máis sinxelo que recolle un rexistro no que o profesor autoavalía a idoneidade da UD, os seus resultados e propón melloras. Anexo 7.

Outro aspecto é a avaliación e o Desenvolvemento das competencias básicas dos alumnos/as, para dita avaliación utilizaremos os indicadores establecidos para cada competencia. Levarémola a cabo a través da observación directa dos nenos/ as nas distintas situacións didácticas (actividades, tarefas, obradoiros, proxectos, experimentos, xogos... etc).

1.1. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- ARMSTRONG, T. (1999) *Síndrome de déficit de atención con o sin hiperactividad. Estrategias en el aula*. Buenos Aires: Paidós.
- GARCÍA SEVILLA, J. (1997): *Psicología de la Atención*. Madrid: Síntesis Psicología.
- GARDNER, H (1985) *Inteligencias múltiples. La Teoría en la práctica*. Barcelona: Paidós.
- GOLEMAN, D (1996) *Inteligencia emocional*. Madrid: Kairós.
- GOLEMAN, D (1999) *La práctica de la inteligencia emocional*. Madrid: Kairós
- VALLEJO, A. (1984) "El material de desecho" en *Cuadernos de Pedagogía* nº119

FONTES ELECTRÓNICAS: Activos a 16 de febreiro de 2013

Contos para nenos con TDAH <http://www.trastornohiperactividad.com/sites/default/files/cuentos/luna/index.html>

BLOGS: http://villadebueu.blogspot.com.es/2012_11_01_archive.html

<http://arquitectives-arquitecturaenlaescuela.blogspot.com.es/p/que-es-en-la-e.html>

<http://asomateamiclase.blogspot.com.es/p/rutinas.html> Rutinas de la clase .

<http://blogdemaruja.blogspot.com.es/2012/07/las-rederas.html>

BARJA BOUZA, PAULA: <http://www.slideshare.net/cursoformacionCEO/proceso-de-elaboracin-de-conservas-de-pescado>

GUÍA DIDÁCTICA MUSEO DO POBO GALEGO: <http://www.museodopobo.es/uploads/file/guia-didactica-museo-eso.pdf>

GUILAR, M. <http://redalyc.uaemex.mx/pdf/356/35614571028.pdf> *Las Ideas de Bruner. De la Revolución cognitiva a la revolución cultural*

Orde do 13 de xuño de 2012 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/2013, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
[Calendario escolar 2012/2013 \(DOG\)](#)

Nós mariñeiros para o traballo do día do pai:

http://www.youtube.com/watch?v=sxU_VFpj3Is

http://www.interior.ejgv.euskadi.net/contenidos/informacion/maritimo_b/es_7883/bizkaia106b_c.html#Nudos

<http://loidilandia.blogspot.com.es/2012/05/nudos-marineros.html>

<https://plus.google.com/photos/113041156592126148587/albums/5831825488423811025/5831825494374928242?banner=pwa&gpsrc=pwr1#photo/s/113041156592126148587/albums/5831825488423811025/5831825494374928242?banner=pwa&gpsrc=pwr1>

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2012/12/02/treintena-personas-acuden-taller-nudos-marineros-museo-m-asso/720696.html>

Recursos para as rutinas diarias: <http://www.maestrasilvia.com/maestros-infantil-primaria/recursos-materiales/recursos-asamblea/carteles-de-normas-para-el-aula-de-educacion-infantil-y-primaria/>

REDEIRAS: <http://www.bueuinforma.org/concursos/literaturamarineira2008/redeiras-ou-atadeiras>

<http://www.imserso.es/InterPresent1/groups/imserso/documents/binario/s303enunion.pdf>

RETAMALES, F. (2002) *Psicomotricidad vivenciada. Propuesta educativa para el trabajo en el aula rural* (estudio cuasi - experimental) <http://www.efdeportes.com/> *Revista Digital* - Buenos Aires - Año 8 - N° 49 - Junio de 2002

SEGURIDAD EN ARMADO Y REPARACION DE REDES <http://xurl.es/ujlzk>

TORO, J.M. Educar con corazón <http://vimeo.com/17282719>

VÍDEO sobre educación en igualdade: <http://www.cucurruco.com/8-de-marzo-da-de-la-mujer-trabajadora/index.html>

VÍDEO LAND ART http://www.youtube.com/watch?v=vwx1Ge6aLao&feature=player_embedded

LAND ART NA PRAIA <http://wwwedplasticamayalen.blogspot.com.es/2011/06/realizar-un-land-art-en-la-playa.html>

<http://espaciodelartepaz.blogspot.com.es/2013/01/el-land-art-y-la-escuela-infantil.html>

<http://innovarteinfantilesp.wordpress.com/2010/06/09/land-art/>

VIDEO BUEU NO RECORDO: <http://www.youtube.com/watch?v=e1cSVMEUH3A>

VALLEJO, A.: Juego, material didáctico y juguetes en la primera infancia <http://www.educacion.gob.es/revista-cee/pdf/n12-vallejo-salinas.pdf>

VALLEJO, A. "El material de desecho" en *Cuadernos de Pedagogía*, número 119, noviembre 1984

Xogos populares e tradicionais: http://www.aulalibre.es/IMG/pdf_DOC_7_Juegos_Populares_y_Tradicionales_para_jugar.pdf

<http://seabirdsgaliza.blogspot.com.es/>

WEB VILA DE BUEU: <http://www.concellodebueu.org/index.php?idioma=ga>

WEB VILA DE BUEU Descarga de documentos: <http://viladebueu.wix.com/bueu>

LAND ART: <http://espaciodelartepaz.blogspot.com.es/2013/01/el-land-art-y-la-escuela-infantil.html>

LAND ART: <http://innovarteinfantilesp.wordpress.com/2010/06/09/land-art/>

<http://www.blurb.com/books/925979-land-art-for-kids?SSAID=314743>

<http://landartforkids.blogspot.com.es/search?updated-max=2011-07-06T07:39:00-07:00&max-results=7>

RECURSOS ARTE Y ESTÉTICA: <https://sites.google.com/site/bibliotecaespiralcromatica/educacion-plastica-y-visual-1>

12. ANEXOS

ANEXO 1 6º EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO ESCOLAR 2012-2013

CALENDARIO ESCOLAR *Orde do 13 de xuño de 2012 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/2013, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. [Calendario escolar 2012/2013 \(DOG\)](#). A nosa unidade se vai desenvolver no mes de marzo coincidindo coa semana do día 8, día da muller.*

2012																												
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
SETEMBRO						OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO								
					1	2	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	3	4	5	6	7	8	9	
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	10	11	12	13	14	15	16	
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	17	18	19	20	21	22	23	
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25	24	25	26	27	28	29	30	
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30			31							
2013																												
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
XANEIRO						FEBREIRO							MARZO							ABRIL								
		1	2	3	4	5	6					1	2	3					1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	
28	29	30	31				25	26	27	28				25	26	27	28	29	30	31	29	30						
MAIO						XUNO																						
		1	2	3	4	5						1	2															
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9															
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16															
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23															
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30															

CONMEMORACIÓNS OFICIAIS E ELIXIDAS POLOS DOCENTES PARA O CICLO DE INFANTIL

- 1 de Outubro Día Internacional das Persoas de Idade
- 17 de Outubro Día Internacional para a Erradicación da Pobreza.
- .-21 de novembro – Día da Televisión.
- Do 1 ao 11 de decembro de 2011: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2011: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 16 de decembro Día Internacional da Tolerancia.
- 20 de decembro Día Internacional da Solidariedade Humana.
- 30 de xaneiro de 2012: Día da Paz.
- 8 de marzo de 2012: Día Internacional da Muller Traballadora. UD. “Se vou a Bueu en bou, vou”
- 15 de marzo de 2012: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
- . 22 de marzo Día Mundial da Auga.
- Do 12 ao 16 de marzo de 2012: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- Entre o 12 e o 30 de abril de 2012: Día do Libro.
- 7 de abril de 2012: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio de 2012: Día de Europa.
- Do 9 ao 16 de maio de 2012: Semana das Letras Galegas.
- 21 MAIO Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento.
- 31 Maio Día Mundial Sen Tabaco
- 5 de xuño de 2012: Día Mundial do Ambiente

Temos Horario de mañá (10-13) e tarde (15:30-17:30)



As normas do "Corvo Despistado": a nosa clase é a do Corvo Mariño, cada aula ten un ser vivo que a representa e todas as mañás lle lembramos as normas da clase porque é moi despistada e sempre se lle esquece algunha cousa. En grupo polas mañás os nenos lle repiten as normas e lle recriminan o que onte non fixo ben:



ANEXO 4- ACTIVIDADES DIARIAS DE CREACIÓN PROPIA.

UD “Se vou a Bueu en Bou, vou”

LUNS 25 de febreiro de 2013- Sesión de mañá.


1-ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E COÑECIMENTOS PREVIOS: Conto¹⁴

“Eiquí había un rapaz que todo-los días ía ao monte co gando. Unha serán viu que por embaixo dunha laxe saíalle unha cobra, mais tanto lle gustou que lle díu migallas do seu pan. Fixéronse amigos e todo-los días xantaban o panciño xuntos e o rapaz xogaba co-a cobra e agarimaba nela. O mozo foi ao servizo e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte para ollar a sua cobriña: chegou alá, asubiu como acostumaba outrora, e saíu a cobra, mais tan longa, tan longa e tan grosa que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ao rapaz, botóuse a ele, ensarillóuno e matóuno. Mais cando o tiña morto reparou nele, reconocéuno e aflita botóuse ao mar e morreu afogada”

Lenda de Ons recollida por Alvaro das Casas: “A illa de Ons”, NÓS Publicacións Galegas e Imprenta, 1935, Santiago de Compostela.

2 REFLEXIÓN SOBRE O CONTO. Sesión conversacional:

Coñecíamos a historia?, Que nos pareceu? Quen estivo algunha vez na illa?, e se foi así... ¿Qué lles gustou máis?, ¿qué animais viron?, ¿montaron nun barco?



¹⁴ <http://museomasso.blogspot.com.es/2009/07/lenda-da-illa-de-ons.html>

3- O PUZZLE DA ILLA:

Dividiremos a clase en catro grupos. Cada grupo encargárase dun fragmento xigante dunha lámina en branco. Iste fragmento forma parte dun croquis que coincide cos outros fragmentos dos seus compañeiros. Os nenos deberán colorear con ceras que lle recorden a natureza, o verán..logo xuntarán as pezas de tal forma que coincidan. ¿Qué é o que obteremos?, lle explicaremos que se trata do dibuxo da illa de Ons. Situaemos a súa localización no mapa de Galicia que temos colgado nun dos rincóns da clase, e logo pegaremos o noso dibuxo nunha cortiza da clase.



4-XOGO DA ILLA: dividiremos a clase en dous grupos. O menos numeroso representará o mar e o máis numeroso a terra. Os primeiros pillarán aos segundos, colléndose das mans, coa intención de cercar a terra. A medida que os nenos que representen a terra sexan pillados, formarán parte do equipo do mar, ata que se pillen aos últimos que representarán a illa.


5-ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN PARA ALUMNOS QUE TEÑEN UN RITMO DE APENDIZAXE MÁIS RÁPIDO:

Fichas de escritura das letras sinaladas para esta semana: B, U, E, O, N, S. Sinalamos na poesía as letras de referencia. O mestre le a poesía, dándolle sentido para os nenos e propón que a ilustren con debuxos.

BUEU, miradoiro e visxia
do Morrazo, corazón
a cabalo entre o monte e a ría
unha man na terra firme
outra na Illa de Ons

Bueu, Xesús Muruáis, Xaneiro 97¹⁵

Fichas de escritura das letras sinaladas para esta semana: B, U, E, O, N, S



¹⁵ Fragmento da poesía incluída na escolma da revista O Candil nº12, 1997, Px. 27 <http://viladebueu.wix.com/bueu>

LUNES 25 de febreiro de 2013- Sesión de tarde

Despois das rutinas habituais recuperamos as observacións que fixeron pola mañá sobre o mapa da illa e facemos unha recapitulación do aprendido.

6-TRABALINGUAS TRADICIONAL: "Se vou a Bueu en bou, vou, se non vou nun Bou non vou"¹⁶ . Escoitamos a canción, xogamos co trabalinguas e memorizamos o estribillo, o gravamos en conxunto con Audacity e o colgamos na nosa páxina de IVOX. Esta gravación formará parte do noso panel do traballo final mediante un código QR co que calquera persoa que poida capturar o código co seu teléfono smart phone poida escoitar o resultado. O código que sigue é un exemplo no que se pode escoitar unha canción de creación grupal a partir dun conto¹⁷.



¹⁶ <http://www.youtube.com/watch?v=inh65Vc6xLQ> <http://www.youtube.com/watch?v=D-fwATU5AIU&list=PLYjqZaX71pWFprLmfpCWiBoemNm7IY72>

¹⁷ http://www.ivoox.com/oso-rojo-audios-mp3_rf_1619966_1.html

7- A CARA MÁIS FEA DO MUNDO MUNDIAL

Como música de fondo a canción de Andrés do Barro. Relación entre os nosos movementos e os nosos pensamentos. Ao ritmo da música os nenos se moven libremente ata que a música para. Entón teñen que por a cara máis fea do mundo e quedar coma estatuas. O docente elixe ao máis feo e ese rapaz ou rapaza é o que elixe o que farán na seguinte vez: o que mellor chore, o que faga máis ben de croqueta...

Daremos poucas instrucións e deixaremos que se produza un desenvolvemento libre da creatividade infantil. Esperamos acadar:

- Utilizar técnicas e recursos básicos das distintas formas de representación e expresión, para aumentar as súas posibilidades comunicativas.
- Gozar e pór interese nas actividades de expresión corporal.
- Utilizar as diversas formas de desprazamentos.

MARTES 26 de febreiro de 2013 - Sesión de mañá

8-LEMOS O CONTO: O libro da Illa de Ons¹⁸ Texto: Amalia Pérez Otero Ilustraciones: Michel Casado

Mario e Sariña faranse amigos na Illa de Ons. Era a illa que Sariña ollaba desde a súa casa e que sempre quixo coñecer. Perdeu o medo ao barco e alá foi vivir aventuras. Alí atopan ao Trasnó Illote que protexe aos nenos e o entorno da illa de Ons. Visitarán O buraco do Inferno, a fonte das Caniveliñas, e Terán que loitar cunha cobra



¹⁸ <http://michelcasado2.blogspot.com.es/2012/02/o-libro-da-illa-de-ons.html>

9-SESIÓN CONVERSACIONAL: Lembramos momentos do conto, ¿Que pasaba aquí?, Fagamos un cambio, inventemos situacións que poderían pasar neste momento. Reconstruímos novos contos.



Facemos una representación teatral sobre as escenas que elixan os nenos.

Ao rematar sacaremos fotografías coa cámara dixital e as colgaremos na nosa páxina da aula en Google sites.

10- TRABALLO SOBRE UNHA FICHA: A FLORA DA ILLA DE ONS

Traeremos a clase imaxes a cor de diferentes plantas que se encontran nas illas Ons, e que nos parecen interesantes que os nenos coñezan pola súa función ou colorido:

1. Alga vermella: alga cunha capa externa xelatinada que vive nos fondos rochosos
2. Anxélica: planta de cor verde intenso con flores de cor amarelo. Crece alargada en lugares ao abrigo do vento e en cambio achaparrada en situacións contrarias
3. Bilitroques: planta con flores purpúreas rechamantes en forma de dedal.
4. Carrasca de san Xoán: planta amarela prateada, cunha especie de la rodeando o talo. As flores son amarelas.
5. Feo da Praia: raíz, talo longo e espigas
6. Xesta de Ons: atopada so polo momento en Ons e Sálvora, encontrámola xunto aos toxos, ten un froito con dez sementes.
7. Seba: planta que habita nas marismas, cando baixa a mar forma un manto parecido ao céspede ordinario
8. Roseira silvestre.

Falaremos aos nenos de cada planta e das súas características, para logo preguntarles se xa coñecían algunhas delas, cal de todas lle gustou máis

Se lles dirá que debuxen a que máis lle gustou de todas. Logo formaremos un círculo e por orden cada neno levantarse e describirá a súa planta. Dispondremos os debuxos das plantas no chan, de tal modo que a medida que os nenos se levantan irán a procura do modelo no que se basearon. ¿Recordamos como se chamaba?, senón diremos o nome por eles.

			
<i>alga vermella</i> ALGA VERMELLA	<i>anxélica</i> ANXÉLICA	<i>bilitroques</i> BILITROQUES	<i>carrasca</i> CARRASCA
			
<i>fco da praia</i> FEO DA PRAIA	<i>xesta de ons</i> XESTA DE ONS	<i>seba</i> SEBA	<i>roseira</i> ROSEIRA

11- FICHA COA PROTAGONISTA DO CONTO. Entregamos unha ficha aos nenos na que aparece a rapaza do conto, observando o entorno que lle rodea e que os nenos teñen que debuxar. ¿Qué plantas creen que a nosa protagonista atopará na súa aventura? Tras facer os debuxos pertinentes cada neno explicará as plantas que representou ao resto dos seus compañeiros. Logo colocaremos tales imaxes na cortiza ao lado do noso debuxo da illa de Ons.

MARTES 26 de febreiro de 2013- Sesión de tarde

12- FACEMOS UN MURAL CON PLANTAS RECOLLIDAS POLOS MESTRES, DE ESPECIES AUTÓCTONAS, CON COIDADADO E RESPECTANDO ESPECIES QUE POIDAN ESTAR EN PERIGO, para xuntar ao noso panel.



12.1- ACTIVIDADES DE REFORZO E REPASO DO APRENDIDO: Lembramos o curso de nós mariñeiros que nos impartiron na unidade anterior no Museo Masso¹⁹, intentamos realizar os nós máis sinxelos para facer o agasallo do día do pai que xa estamos preparando. Cada neno fará un nó, os pegaremos nun cartón e faremos un cadro para cada familia.

¹⁹ <http://museomasso.blogspot.com.es/>



MÉRCORES 27 de febreiro de 2013- Sesión de mañá

13- ACTIVIDADE DE REFORZO E MOTIVACIÓN INICIAL: Despois das rutinas diarias recordamos o que vimos onte e discutimos dos seguintes temas:

1. ¿Que lembramos das actividades anteriores?
2. ¿Que lembramos da flora da illa?
3. Identifica a flora da illa.
4. Discutimos sobre actividades cotiáns que poden danar a flora e que podemos evitar.

14. REFLEXIÓN SOBRE UNHA FICHA: partes das plantas. Mostrámoslles aos nenos unha ficha sobre unha flor e outra sobre unha planta onde se observa as partes máis básicas. No caso da primeira serán: pétalo, talo, folla, raíz e polé. No caso da segunda: raíz, tronco, flores, follas e froitos. A primeira vez a profesora diralás sen os nenos, na segunda vez o farán todos a vez e na última so os nenos. Colgaremos as fichas nun rincón da aula.



15- ENTREGAMOS AOS NENOS FICHAS DAS PLANTAS DA ILLA DE ONS para que marquen as súas partes tendo en conta a ficha anterior colgada na aula.

16. PLANTA DE AUGA, PLANTA DE TERRA. Dividiremos a aula en dúas zonas. Unha será o mar e a outra a terra. Poremos a música da primavera de Vivaldi e pediremos aos nenos que camiñen libremente pola aula. Se a profesora di "seba" ou "alga vermella" os nenos deberán colocarse na zona do mar, se en cambio di anxélica deberán ir a zona da terra. Nese caso a profesora usará tamén o termo "vento", para facer que os nenos se encollan ou non dependendo do caso.

17. VAMOS CRECENDO. A continuación complicaremos un pouco máis o xogo anterior. Diremos aos nenos o nome dunha das plantas para que se coloquen na zona da auga ou na da terra, pero ademais, teremos que dicir se é inverno ou verán, de tal modo que no primeiro caso os nenos encolleranse e no segundo caso ergueranse moito.

Esperamos que con poucas instrucións e desenvolvemento libre da creatividade infantil os nenos poidan desenvolver o control corporal adaptando o ton e a postura ás características do obxecto ou da situación. E ademais:

- Utilizar as distintas formas de representación e expresión, para evocar situacións, accións desexos e sentimentos que sexan de tipo real ou imaxinario.
- Progresar na coordinación de movementos en accións motrices.
- Desenvolver o control corporal adaptando o ton e a postura ás características do obxecto ou da situación neste caso.

MÉRCORES 27 de febreiro de 2013- Sesión de tarde

18- FICHA: asociar plantas, con números. Dámoslle aos nenos unha ficha na que verticalmente aparece grupos das plantas mencionadas anteriormente en distinto número, por exemplo: dúas xestas de ons, tres roseiras silvestres e catro feos da praia. Os nenos terán que enlazar a imaxe cos números que aparecen na columna da dereita.

19- ACTIVIDADE DE AMPLIACIÓN E RECAPITULACIÓN: as adiviñas. a profesora ensinará as láminas das plantas coas que vamos a xogar agora: alga vermella, xesta de Ons, roseira silvestre, cerquiño, seba e feo da Praia. A profesora explicará aos alumnos que vai dicir unha descrición e que logo collerá dúas imaxes coas mans, para que os nenos escollan a imaxe que corresponde coa descrición. Logo poderán dicir o nome da devandita planta.

Estas serán as adiviñas:

- *Baixo o mar vivo, moi colorida e fermosa, por iso as ameixas miranme envexosas.
(Alga vermella)*
- *Esta árbore da froitos que ti non podes comer, máis o leirón moi larpeiro, as
esconde con pracer. (Carballo, cerquiño)*

- Chámome como a illa na que vivo. Xunto ao toxo hasme ver, é o meu gran amigo e xuntos queremos crecer. (Xesta de Ons)
- Parézome á rosa, pero eu son máis salvaxe e fermosa. (Roseira silvestre)


20- A TEA DE ARAÑA. Dispostos novamente en círculo, os nenos iranse pasando unha bola de la. Quen teña a bola será o que diga o nome dunha planta, para logo pasala a un compañeiro ao azar. Cada vez que a planta que se diga sexa unha das explicadas anteriormente, nos poremos de pé para logo volvernos a sentar.


XOVES 28 de febreiro de 2013- Sesión de mañá

21- DEBATE SOBRE A FAUNA DA ILLA DE ONS: comentarlémolle aos nenos que a illa destaca pola súas aves. ¿Cales son as que eles coñecen? A profesora ensinará unhas imaxes das aves máis representativas do parque: o corvo mariño, a choia piquivermella, o lagarteiro, a gaivota patiamarela e o mazarico curli. A medida que vai mostrando as imaxes fará preguntas de cómo son cada páxaro para que os nenos o describan: ¿cómo ten o pico?, ¿de que cor é?, ¿e as patas como son? Volveremos a mostrar as imaxes e esta vez pediremos que eles digan os nomes dos animais.



22-FICHA: completa os animais. Entregarémoslle aos nenos varias fichas incompletas dos animais mencionados, eles deberán debuxar as partes do corpo que faltan.

FAUNA DA ILLA DE ONS: Eu son un _____	
NOME: Mario	DATA: 27-02-13
<i>Completa o debuxo</i>	
	

FAUNA DA ILLA DE ONS: Eu son unha _____	
NOME: Ana	DATA: 27-02-13
Completa o debuxo	
	

23- XOGO: recoñece o animal (aros) Dispoñemos na aula varios aros e dentro de cada aro a imaxe dun destes animais. Poremos unha música para que os nenos se desprazen pola aula. Cando a profesora diga o nome dun páxaro estes deberán dirixirse a imaxe correspondente, antes de volver a desprazarse libremente polo espazo. A profesora poderá ir dando indicacións como: agora tocamos co pe esquerdo o lagarteiro, agora coas dúas mans a choia pivermella...

24- FICHA. Colorear e practica as letras de referencia: B,U,E,O,N,S. Sinalamos na poesía as letras de referencia. O mestre le a poesía, dándolle sentido para os nenos e propón que a ilustren con debuxos.

Meu Bueu, porto mariñeiro,
onde meus pais se criaron,
en ti fun á escola de neno
e de mozo andiven namorado.

MEU AMORCIÑO BUEU, Luis Ríos Dopazo²⁰

25- ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E REFORZO: Os alumnos cun ritmo de traballo máis rápido poden ir organizando o traballo no noso panel, coloreando, pegando os traballos dos compañeiros, recortando...


²⁰ Fragmento da poesía incluída na escolma da revista O Candil nº12, 1997, Px. 22 <http://viladebueu.wix.com/bueu>

XOVES 28 de febreiro de 2013- Sesión de tarde

26-XOGO DO LAGARTEIRO. o lagarteiro que é un falcón pequeno gústalle comer lagartos. Xogaremos a que un é o lagarteiro e os outros os lagartos. O lagarteiro farase o dormido colocando un brazo sobre os ollos e sen aviso previo irá a caza dos seus compañeiros, cando colla a un deles este pasará a ser outro lagarteiro. O xogo rematará cando todos os nenos sexan lagarteiros.

27-XOGO DO MAZARICO CURLÍ. primeiro falaremos do significado da emigración. ¿Qué é emigrar?, (tal vez algún sepa do concepto por avós, bisavós..) contaremoslle aos nenos, que algúns páxaros cando chega o inverno fuxen na procura de lugares máis calurosos e cando volve o verán regresan a costa galega. Este é o caso do mazarico curli.

Colocaremos varios aros grandes ao longo da clase, que serán aos lugares donde deberán esconderse os nenos cando digamos que chega o inverno. Se é verán desprazaranse tranquilamente pola aula. Pouco a pouco iremos quitando os aros e aqueles que non cheguen a tempo cando a profesora diga : "inverno". Encolleranse tapando a cabeza no colo, ata que a profesora volva a dicir que é verán.



28- A SERPE CEGA:

Para esta actividade dividimos aos nenos en tres grupos. Os alumnos terán que facer tres filas. Todos taparán os ollos agás a cola da serpe que vai cos ollos abertos e ten que dirixir ao grupo. Para que o grupo xire á dereita terán que darse un apertón no ombreiro dereito, para xirar á esquerda terán que facer o mesmo, pero na esquerda. Para frear terán que darse un apertón nos dous ombreiros y para frear un pequeno empuxón cara a tras. As serpes terán que recorrer un pequeno circuíto de conos sen chocar.

OBXECTIVOS:

- Fomentar hábitos de cooperación.
- Traballar hábitos de atención.

VENRES 1 de marzo de 2013- Sesión de mañá

29- CONTO DO CORVO MARIÑO CRISTADO. Contarémolle aos nenos o conto do corvo mariño cristado. O seu protagonista é Tomás un corvo ao que lle gusta moito cazar peixes. Un día estes cansados da continua pesca do corvo mariño, deciden darlle un escarmento a Tomás, levándoo ata as profundidades do mar. Tomás escapa polos pelos e aprende a lección de non molestar tantas veces aos peixes como tiña por costume.

30-DEBATE SOBRE O CONTO. Faremos unha serie de preguntas relacionadas co conto anteriormente contado: ¿Por que a Tomás lle costa tanto durmir?, ¿que lle gusta cazar a Tomás?, ¿que fan os peixes con Tomás e por que?, ¿que sucede ao final?

31-PONLLE ORDEN: Darémolle aos nenos distintas imaxes do conto, para que as coloquen en orden e logo mostraremos dúas novas imaxes relacionadas con novos personaxes para que introduzan na historia e podan modificala a pracer: ¿que sucedería se aparece unha balea?, ¿e se xorde un barco pescante?

32-O RETRATO: usando o ordenador mostraremoslle aos nenos unha imaxe real do corvo mariño cristado. Explicaremoslle aos rapazes que Tomás encargounos un retrato o cal faremos de forma individual usando lápices de cores.

33-DECORAMOS O NOSO PROPIO OVO. Os ovos do corvo mariño cristado son de cor azul. Os nenos traerán da casa un ovo que decorarán con moito coidado usando diferentes temperás e que logo dispoñemos nunha gran cesta nun rincón da clase. Xogo "a coidar o ovo": os ovos do corvo mariño perdéronse e os nenos deben levarlos a un lugar seguro, intentando desplazarse tal e como si foran corvos, para isto deberán facer que as mans son ás. Os ovos serán levados nunha culler suxeita na boca dos rapaces.

Para rematar a sesión do corvo mariño, un xogo para relaxarnos antes da comida: Xogo "somos Tomás": pondo unha música relaxante, os nenos desprazaranse por toda a aula seguindo as instrucións da profesora que describirá un día na vida de Tomás. Os nenos imitarán as descriucións da profesora como mellor lles prazca:

* Primeiro estamos deitados no chan, abrimos os ollos e saudamos ao novo día piando. Abrimos as nosas ás e as axitamos varias veces e logo empezamos a voar a búsqueda dalgún peixe sabroso nas augas.

* Vemos un pez e o capturamos coas nosas patas. O comemos sobre unha rocha. As nosas ás pesannos moito, moito. Temos que secalas, logo acostámonos sobre unha rocha e as extendemos. Pasa un bo tempo e empezamos a sentir como as ás volven a ser lixeiras, as levantamos pouco a pouco e dirixímonos ao niño situado nas rochas do borde dun acantilado. Alí incubamos os nosos ovos un trecho ata que rompen e cacareamos de alegría.

* Logo deitámonos ao lado do niño para coidar as crías e durmimos.

VENRES 1 de marzo de 2013- Sesión de tarde

34- FACEMOS UNHA RECAPITULACIÓN DO QUE FIXEMOS DURANTE A SEMANA: Completamos o noso panel co que fomos aprendendo sobre o noso pobo e a súa contorna natural e falamos un pouco do que imos facer na semana próxima que vai estar dedicada á economía da illa, centrándonos nos traballos tradicionalmente femininos, a cultura, a arte, nesta unidade falaremos de arquitectura, a poesía...

35- COMEZAMOS AS ACTIVIDADES PREVIAS A "ENLATADOS", unha serie de actividades coas que poderemos introducir a paisaxe económica e social da zona pola explicación dun traballo fundamental na contorna: a elaboración de conservas de peixe e mariscos. O primeiro será aproveitar os recursos do centro²¹, levamos aos nenos a visitar á Vitrina coa Historia da Conserva en Bueu



O CEIP de BUEU posúe unha mostra de latas e útiles das distintas conserveiras (Massó, Alonso, Attilio, Ferradás,...) que ó longo dos anos houbo no pobo de Bueu.

INFORMACIÓN QUE PODEMOS ADAPTAR AOS ALUMNOS: *"A finais do s.XVIII, cando o exército de Napoleón sufriu unha terrible fame durante a campaña de Rusia, o emperador ofreceu unha recompensa a quen lle presentase "un método para manter os alimentos longo tempo en bo estado", convencido de que "gañarían os exércitos mellor alimentados".*

Foi enton cando un investigador francés, Nicolás Appert, descubriu de forma totalmente empírica, que se podían conservar alimentos durante varios anos simplemente por calefacción dos mesmos durante certos períodos de tempo en recipientes herméticamente pechados. Desta forma gañou unha recompensa de 12.000 francos en 1810 e outorgóuselle o premio de "Benefactor da Humanidade". A "appertización" constituíu o nacemento da tecnoloxía industrial de conservación.

²¹<http://centros.edu.xunta.es/ceipapedra/index.htm>

A noticia de consérva chegou a España en 1840 co naufraxio fronte a Finisterre dun veleiro francés. Na Galicia costeira era tradicional o uso doutros métodos de conservación como a salgadura ou o afumado... e en menos dun ano creouse a primeira fábrica conservera de peixe. Oito anos máis tarde fúndase na Rioxá a primeira instalación de conservas vexetais.

Cara a 1900 substitúese a fritura dos alimentos en conserva pola cocción a vapor, o que abaratóu sensiblemente o proceso de fabricación, popularizándose en todo o mundo o "sistema de cocción español", que supuxo o acceso de todas as clases sociais a alimentos asequibles e de calidade. Na época do descubrimento de Nicolás Appert, empregábanse recipientes de vidro, pero posteriormente, o inglés Peter Durand, comezou a utilizar envases de folla de lata que dotaron a consérva de maior resistencia e preservárona do efecto da luz, evitando así o deterioro do contido vitamínico. A primeira fábrica de folla de lata en España creouse en 1731 na comarca de Rolda. Partindo dunha fina lámina de aceiro aplicaban un proceso de estañado, o cal protexíaas da oxidación. Un segredo industrial gardado durante anos desde o seu descubrimento en Alemaña.

Posteriormente seguiron numerosas melloras na tecnoloxía do envasado, como o desenvolvemento de estoxos impresos e latas apilables que facilitaban a súa distribución e venda.

Nos anos 40, durante o transcurso da II Guerra Mundial, ante a escaseza de folla de lata, a industria do aluminio comeza a fabricación de envases. Este feito constitúe unha revolución tecnolóxica no sector conserveiro pola que Palacio de Oriente apostou para o desenvolvemento dos seus envases.

O aluminio reduce o peso das latas, garante a inalterabilidade á oxidación ou sulfuración e non se transmite ao alimento, ademais permite gran versatilidade de formas cun acabado impecable, brillante, máis atractivo e limpo que facilita o seu manipulado. É un metal moi abundante na cortiza terrestre, cuxo proceso de fabricación consome pouca enerxía e ademais é reciclable ata o infinito²².

36-FICHA INCOMPLETA: Propomos o seguinte, ensinamos unhas latas de conserva sen caixa, deixamos que os nenos as manipulen e entregamos a seguinte ficha para levar para a casa e traballar cos pais. Primeiro terán que pesar e medir a lata de conservas e despois debuxar o que cren que haberá no seu interior. Unha vez debuxado a abren e comparan co seu debuxo. Fan un segundo debuxo para comparar na clase o luns.

²² <http://www.palaciodeorientee.es/la-conserva.html>

LUNES 4 de marzo de 2013 SESIÓN DE MAÑA

37- RECAPITULACIÓN SEMANA PASADA. Preparamos a segunda semana. Observamos o panel da nosa clase, como o fomos completando, falamos do que máis nos gustou, de si falta algo importante, e nos preparamos para a segunda semana falando da ficha "Enlatados nº1" que levaron para a casa.

38-VISITA DUNHA TRABALLADORA DA PLANTA DE ENVASADO DE CONSERVAS: Nos fala do seu traballo, dos seus horarios, do que máis lle gusta e o que menos, de por que as traballadoras das conserveiras son mulleres. Explica como é un día de traballo e que pasa dende que entra o peixe na planta ata que sae na lata.

Os nenos poderán facer as preguntas que queiran e observas as latas de conserva que traerá para ensinar aos nenos e que serán a base das seguintes actividades.


39-ENLATADOS FICHA 2: Teremos preparadas unhas fotografías sobre o proceso de enlatado²³ que ela nos explicou, os nenos terán que ordenalas de xeito que coincidan con que nos explicou a traballadora na aula:

- 1.RECEPCIÓN DE MATERIA PRIMA
- 2.CLASIFICACIÓN
- 3.CORTE/EVISCERADO
- 4.COCCIÓN
- 5.LIMPIEZA
6. EMPACADO Y ENLATADO
- 7.DOSIFICACIÓN LÍQUIDO DE COBERTURA
- 8.SELLADO Y LAVADO
- 9.ESTERILIZACIÓN
- 10.ENFRIAMIENTO
- 11.ETIQUETADO Y EMBALAJE
- 12.ALMACENAMIENTO Y DISTRIBUCIÓN

²³ PPT de Paula Barja <http://www.slideshare.net/cursiformacionCEO/proceso-de-elaboracin-de-conservas-de-pescado>



40- LEMOS NUHA LATA DE CONSERVAS. ¿QUE NOS DIN AS LATAS?²⁴.



41-ACTIVIDADE DE REFORZO:

Como reforzo imos propor unha actividade de expresión plástica e visual na que os nenos teñan que encher uns pratos de plástico con comida saudable, Os pratos de plástico han ser un soporte distinto e motivador para que os nenos expresen a súa creatividade dun xeito diferente. Despois

²⁴ http://www.dolceta.eu/espana/Mod4/sites/espana_Mod4/IMG/jpg_ETIQUETA_OBLIGATORIA.jpg

pasaremos os pratos pola clase analizando en cada un se serán bos para nós ou cales non. Esta actividade se pode tamén facer con plastilina ou outros materiais cos que os nenos podan dar forma ás ideas que lles propomos dun xeito libre.



42-ACTIVIDADE DE REFORZO: Aproveitando os pratos usados polos alumnos nesta actividade, imos crear un xogo co que poderán practicar o lanzamento e a súa puntería.



LUNES 4 DE MARZO DE 2013 SESION DE TARDE

43- TALLER DE COCIÑA INFANTIL: COMO ME GUSTAN AS CONSERVAS!!!!

Aportamos o mellor do Atlántico á dieta Mediterránea. Falamos de dieta saudable e tentamos motivar aos nenos ao consumo de conservas de peixe e marisco. Ideamos receitas fáciles e rápidas que non precisen lume nin preparaci3ns difíceis e as propomos aos nenos. A maior parte das receitas foron deseñadas para este taller polo profesor do Hotel Escola da Comunidade de Madrid, D. Antonio Ugarte Pierrend

- 1.- Coraz3ns de alcachofa (conserva) recheos de mexil3ns.
- 2.- Pincho (palillo) de 1/2 tomatiño cherry, sardinilla e 1/2 tomatiño.
- 3.- Sardiña enroscada e no centro unha boliña de espinaca (traémola previamente cocida e cun refrito de allo e aceite de oliva).
- 4.- Zamburiñas mesturadas con arroz (traémolo cocido) e colocado dentro dunha cuncha.
- 5.- Berberechos mesturados con piña en trocitos, aguacate en trocitos e mahonesa colocado en vasitos de chupito.
- 6.- Caballa, tiras de pemento do piquillo e un chisco de tomate frito colocado sobre tosta de pan.
- 7- Mesturar anchoas con manteiga esmagar moi ben cun garfo. Untar tostas de pan.
- 8- Esmagar pan bimbo sen cortiza con rodillo para facer unha lámina ben fina. Un vez ben finiño esténdese at3n ocupando toda a superficie. Aliñámolo cun pouquiño de aceite de oliva e sal. Enrolámolo coma un brazo de xitano e córtamos anacos dun dedo de ancho.



Tamén podemos reencher con: Paté de mexillóns en escabeche. Mesturamos unha lata de mexillóns cun pouco do caldo con ½ terrina de queixo branco tipo Philadelphia. O paté que obtemos se pode presentar do mesmo xeito.

Se temos un forno, tamén podemos facer esta receita²⁵

9- Pan Pizza de Polbo: 2 latas de polbo en aceite de oliva, pan de chapata, dous tomates naturais, 300 gr de queixo mozzarella, olivas negras, aceite de oliva virxe, ourego.

Preparación:

Abrir pola metade o pan de chapata, obtendo así dous rebandas. Cubrir o pan con rodela de tomate e aderezar cun chorro de aceite de oliva e un chisco de ourego.

Colocar unha capa de queixo mozzarella e encima os anacos de polbo e olivas negras ao gusto. Engadir máis ourego e . Meter ao forno a 200°C durante 5 minutos.

Colocamos os preparados e invitamos a outros nenos do colexio a probalos. Explicarán aos compañeiros como os fixemos e veremos se teñen éxito.

MARTES 5 de marzo de 2013 SESIÓN DE MAÑA

44- PREPARAMOS A SAÍDA: RECOLLER MATERIAL PARA LAND ART²⁶.




Durante todo o curso facemos catro saídas para recoller materiais naturais do entorno próximo ao centro para facer unha actividade de Land Art: Podes ver un exemplo de Land Art para nenos no seguinte vídeo da televisión de Galicia²⁷. A nosa primeira saída foi no mes de novembro á aula da natureza do Cabo de Udra e as fotografías do noso traballo está colgadas no noso sitio en Google sites. Agora facemos a segunda saída para seguir completando o noso álbum das estacións.

²⁵ <http://www.palaciodeoriente.é/receitas.html>

²⁶ <http://www.youblisher.com/p/501377-ACTIVIDADE-DE-LAND-ART-PARA-EDUCACION-INFANTIL/> Fotografías da aula da profesora de Infantil Ángeles Vidal Goldsworthy

²⁷ http://www.youtube.com/watch?v=vwx1Ge6aLao&feature=player_embedded

Pola nosa situación privilexiada esta segunda saída a vamos facer á praia²⁸



²⁸ <http://goo.gl/maps/i5R1a>

45-EDUCACIÓN VIAL: LEMOS POESÍAS E CREAMOS A NOSA POESÍA SOBRE CÓMO PASEAR EN GRUPO SEN PERIGO: a mestra recita e fai mímica para que os alumnos completan as frases.

Se vou a Bueu a pé...VOU

Vamos de excursión por Bueu
e para pasalo ben,
ao mestre teño que (POMOS A MAN NA ORELLA) *escutar*
e os semáforos *respectar*.
Cando saio a pasear,
antes teño que (POMOS O DEDO ÍNDICE NA FRENTE) *pensar*:
non me podo *despistar*
e tamén (POMOS O DEDO ÍNDICE NUN OLLO) *viciar*
porque unha caída
nos pode (FACEMOS MIMO SIMULANDO DOR) *mancar*.

Vamos pola beirarrúa
segundo ao compañeiro,
aquí non vale (MIMAMOS CORRER) *correr*,
nun querer chegar *primeiro*.
Gozamos nas nosas rías,
do que sabemos e do que aprendemos,
hoxe na praia imos *traballar*,
somos *artistas*
e o vamos *demostrar*.

Con música gravamos a poesía con Audacity e o colgamos no noso sitio da aula. Xa estamos preparados para saír á traballar na praia

E para inspirar as nosas mentes e os nosos corazóns para o traballo desta tarde, podemos despedir a mañá con este vídeo²⁹ das alfombras de Bueu:



²⁹ <http://www.youtube.com/watch?v=xsQtDjfmno>

MARTES 5 de marzo de 2013 SESIÓN DE TARDE

46- LAND ART³⁰: Realizamos as composicións por grupos. Mesturamos aos nenos dos tres niveis de infantil e as profesoras coordinan os grupos. É unha boa actividade para incorporar e presentar ao neno que chegou novo á nosa aula.

47- FOTOGRAFÍAS: Os propios nenos fan as fotografías, as eliximos e facemos un álbum. Será subido a Youblisher polas docentes e de aí ao sites da aula. Cada neno prepara o seu álbum persoal, os máis pequeniños terán unha caixa na que irán gardando recordos e obxectos naturais de cada unha das saídas mesturados cos seus debuxos.



³⁰ <http://espaciodelartepaz.blogspot.com.es/2013/01/el-land-art-y-la-escuela-infantil.html>

<http://innovarteinfantilesp.wordpress.com/2010/06/09/land-art/> <http://www.blurb.com/books/925979-land-art-for-kids?SSAID=314743>

<http://landartforkids.blogspot.com.es/search?updated-max=2011-07-06T07:39:00-07:00&max-results=7>

MERCORES 6 de marzo de 2013 SESIÓN DE MAÑÁ

Lembramos as nosas saídas ao contorno, as da UD anterior, cando fomos ao Museo Masso³¹, as veces que levamos saído, ¿que tal o pasamos?, ¿coñecíamos as rúas?, ¿sentimos perigo?, ¿vimos lugares que non coñecíamos?


48- VIDEO DE BUEU, HOXE E ONTE: Poremos un vídeo feito polos docentes no que aparezan espazos de Bueu, deixaremos que a espontaneidade infantil vaia descubrindo a paisaxe, polos seus records e experiencias cotiás. Despois poñemos este outro vídeo³², e a ver que podemos recoñecer:



³¹ <http://museomasso.blogspot.com.es/>

³² <http://www.youtube.com/watch?v=e1cSVMEUH3A> <http://www.youtube.com/watch?v=g4x-dl4IXhM&list=PLyjqZaX71pWFprLmfpCWiBoemNm7iY72>

49-FACEMOS A NOSA RUTA AO COLEXIO: Poderán os nenos facer un debuxo da ruta que seguen cando veñen ao colexio, marcando os edificios que máis lle chamen a atención. Ao rematar imos construír en común un camiño escolar. Pegamos tres papeis continuos e os colocamos no chan. No medio debuxamos o colexio, e vamos completando todas as rutas que chegan a el coas aportacións dos nenos, os edificios máis emblemáticos ou que todos lembren e sinalen os imos colocar recortados e en vertical e as rúas serán o suficientemente anchas como para que poidamos camiñar por elas coma se foramos xigantes ou pasear os vehículos que fixemos na UD anterior con botes de refugallo³³.



³³ <http://boysgerms.com.au/2012/08/empty-bottles-on-wheeeels/>

50- BUEU, a súa arte: A arquitectura en Bueu³⁴. As tres clases de infantil van traballar sobre un edificio emblemático da vila de Bueu, importante pola súa repercusión na arquitectura local e nacional:

Infantil 3 anos: Mercado y lonja municipales de Bueu (1971-1973) César Portela e Pascuala Campos.

Infantil 4 anos: Pabellón Polideportivo de Bueu Agustín Miguel Pouseu Loira.

Infantil 5 anos: Casa de Molezún en la Roiba (Beluso). Unindo terra e mar

Esperamos que este traballo axude a:

"...la iniciación en la cultura arquitectónica y urbanística mediante actividades que mejoren sus habilidades manuales, incentiven su creatividad, amplíen su capacidad de trabajo en equipo y de organización y pongan en alza valores tan importantes como el civismo, la perseverancia, el respeto hacia los demás y hacia el medio ambiente, la responsabilidad o la autonomía.

Con el objetivo de alcanzar una ciudad de calidad, dotada de interés espacial y arquitectónico, conviene educarnos desde la infancia, convertirnos desde pequeños en ciudadanos entusiastas que entienden el lugar donde habitan y saben lo que pueden y deben demandar a los edificios y a las ciudades de los que son y serán usuarios y ciudadanos. Aprender arquitectura desde el inicio nos llevará a respetar el mundo en que nos movemos y a ser más críticos con el entorno construido que nos rodea. Si reconocemos los espacios de calidad, exigiremos espacios de calidad, contribuyendo a construir un entorno con criterio, perfectamente adaptado a nuestro modo de vida y más respetuoso con el medio natural".³⁵



O primeiro que nos toca é a localización planetaria e rexional grazas a google maps:




³⁴ http://villadebueu.blogspot.com.es/2012_11_01_archive.html

³⁵ <http://arquitectives-arquitecturaenlaescuela.blogspot.com.es/p/que-es-en-la-e.html>

Tú Búsqueda Imágenes Maps Play YouTube Noticias Gmail Drive Calendar Más -

Google María Formadora ▾

Cómo llegar Mis sitios  

A CEIP A PEDRA, Bueu

B A roiba Vivenda Ramón Molezun

[Añadir destino - Mostrar opciones](#)

CÓMO LLEGAR


▼ Rutas sugeridas

C-550	3,1 km, 8 minutos
C-550	2,9 km, 8 minutos
C-550	3,4 km, 9 minutos


Indicaciones de ruta en coche para Pedra Branca

A CEIP A PEDRA
Rua A Pedra,26
36930 Bueu, Pontevedra

1. Dirígete hacia el **norte** 200 m
2. Gira a la derecha hacia C-550 400 m
3. Gira a la izquierda hacia C.550 140 m
4. Gira a la izquierda hacia C.550 1,1 km
5. Gira ligeramente a la derecha



[Mapa](#)
[Tráfico](#)

[Informar de un error](#) 

51-OS PLANOS: E despois observamos un ppt de imaxes antigas e actuais da casa³⁶, vemos os planos orixinais e intentamos descifralos. ¿Poderían os nenos debuxar un plano da planta da súa casa? Vamos a intentalo.



³⁶ <http://www.flickr.com/photos/roussade80/3434316199/> <http://hacedordetrampas.blogspot.com.es/2011/02/vivienda-la-roiba-de-ramon-vazquez.html>

53- VOLTA AO COLEXIO.RECAPITULACIÓN: rematamos os nosos apuntes sobre a vivenda, e completamos o noso panel cos traballos que fomos facendo.

XOVES 7 de marzo de 2013 SESIÓN DE MAÑA

ENREDADOS: Preparación do Día da muller: Lembramos a visita da traballadora da fabrica conserveira. Preparamos a visita de outra muller traballadora de Bueu doutra ocupación tamén unida ao mar e tradicionalmente realizada por mulleres: As Redeiras



"As redeiras ou atadeiras tecían as redes co fío que facían os cordeiros. Adoitaban traballar varias ao xornal; tamén era frecuente que percibiran un quiñón polo seu traballo. O instrumental da redeira son as tesoiras, os tacos de madeira para sinalar o ancho da malla, e as agullas ou lanzadeiras.

As redes facíanse antigamente de cânabo, e algunhas de algodón, que se non se coidaba podrecía e rompía, polo que a rede se sometía a un trabaloso proceso de secado e encascado que a protexía e facía durar máis, ademais de lles dar a característica cor vermella ou castaña. A partir dos 60 aparecen as redes de materiais plásticos, primeiro o Perlón e logo o Nailon, que eliminaron ese proceso, pero o tecido faise coa mesma arte."³⁸

³⁸ <http://www.museodopobo.es/uploads/file/guia-didactica-museo-eso.pdf>

54-CONTO. TRADICIÓN: Recibimos á nosa invitada contándolle estas tradicións que atopamos sobre as redeiras de Bueu:

"Galicia é unha potencia a nivel mundial no sector da pesca e temos unha experiencia milenaria na confección de redes.

Desde Ribadeo ata A Guarda , nos portos aparecen a redeira , é dicir , a muller mariñeira, moza ou anciá, que elabora as redes entrelazando fíos e movendo unha agulla de madeira . Fai algúns anos as redes eran de algodón, se lavaban nas fontes e lavadeiros públicos o se estiraban a secar no peirao. Agora son de nylon. Se tinguían de cor vermello ou marrón con unha mezcla de salgueiro e piñeiro vermello. Según crían popularmente , cando se facía ou remendaba redes estaba prohibido nomear á culebra, ó sapo e ó moucho porque traía mala sorte. Polo contrario botar viño á rede considerabase e síntoma de boa sorte. Unha vez preparada a rede botábaselle auga bendita para que a pesca fora boa, ou se golpeaba con unha rama de acibeiro ó tempo que se decía:

*Acebino, meu meniño,
aquí te veño a buscar,
dálle sorte ao meu home
no halar e no largar.*

Na actualidade, as redeiras siguen remendando as redes que se rompen nas rochas do fondo o texen outras novas con o seu vello arte.



No meu pobo de Bueu podemos ver ás redeiras no peirao, traballando nas redes.³⁹


Son certas?, Algunha vez as fixo ou as viu facer?, Que outras curiosidades nos pode contar para engadir ao noso panel?

Nos ensina o seu material de traballo e como se realizan os nós. Demostrámoslle todo o que sabemos de nós e ensinamos os traballos inacabados para o día do pai que encozamos na actividade 12, ao mellor nos poden axudar a melloralos.



³⁹ <http://www.bueuinforma.org/concursos/literaturamarineira2008/redeiras-ou-atadeiras>





55-O NOSO CADERNO DE PROFESIONS: Prepararemos un caderniño cun folio para cada neno. En cada páxina terán que debuxar as profesións que máis lle gustan e na última páxina a profesión que eles queren realizar. Levarán o caderniño para casa para que o vexan os pais. Encomendámoslles que falen cos pais deste tema, ¿sabes en qué traballa teu pai? ¿e túa nai? ¿Qué traballos só poden facer os homes ou as mulleres?

XOVES 7 de marzo de 2013 SESIÓN DE TARDE

56-REFLEXIONAMOS SOBRE AS ACTIVIDADES DA MAÑÁ CUN VÍDEO⁴⁰ e unhas preguntas:

Quen fai as cousas? Trátase de sacar á luz as tarefas que fan o pai e a nai ao longo do día e comparar sobre quen recae máis traballo. Quen son? Imos léndolle ao alumnado tarefas e oficios que fan algunhas persoas, eles deben dicir se a persoa que realiza o traballo é home ou muller. Tratamos de romper moldes en canto ao terreo laboral e facer ver que tanto un home coma unha muller poden realizar todo tipo de traballo. O importante é colaborar, traballar xuntos, os homes e as mulleres en cooperación. <https://www.youtube.com/watch?v=DMqh-JBIEjE>



⁴⁰ <http://www.cucurucu.com/8-de-marzo-da-de-la-mujer-trabajadora/> <https://www.youtube.com/watch?v=DMqh-JBIEjE>

57-XOGO COOPERATIVO.: Nós mariñeiros. Rematamos os traballos para o día do pai, os nenos se axudan a completar os agasallos.

VENRES 8 de marzo de 2013 SESIÓN DE MAÑA

58-REMATAMOS O PANEL PARA A SEMANA DA CONTORNA: Toda a mañá será dedicada a confección do panel da nosa aula, recompilando as actividades e os produtos realizados polos alumnos durante toda a semana, dividiremos o panel en catro partes:

1. Medio Natural Flora e fauna. Arte na natureza.
2. Medio Urbano.
3. Arquitectura
4. As mulleres e os traballos tradicionais.

Nel pegaremos os traballos, as fotos sacadas durante as actividades, incluiremos os códigos qr das nosas gravacións...

VENRES 8 de marzo de 2013 SESIÓN DE TARDE

59-ACTIVIDADE GRUPAL PARA "Coñece a túa contorna"

Cunha caixa de cartón⁴¹ fixemos os paneis para cada unha das clases.

⁴¹ "El material de desecho" de Alicia Vallejo



Utilizando un embalaxe de cartón grande dunha neveira fixemos tres paneis, un para cada aula. Ao rematar cada día da semana se irán recompilando as investigacións e descubrimentos que os nenos acadan coas actividades propostas. A intención final é facer esta tarde unha exposición de todos os paneis na entrada do colexio para que todos os pais a podan ver e consultar cos seus fillos. Durante o horario lectivo, cada clase explicará o seu panel de forma conxunta e coordinada e haberá premios para todas as clases. Cada panel levará un código QR para que os que queiran ver aos nenos en acción e seguir paso a paso as actividades da "Semana da contorna" podan acceder directamente á páxina da aula en Google sites na que están colgadas as fotos e vídeos de todo o traballo. Un exemplo pode ser o qr da páxina do colexio que tomamos como referencia CEIP "A Pedra"⁴² que se accede con este código QR xerado con <http://qrcode.kaywa.com>

⁴² <http://centros.edu.xunta.es/ceipapedra/>

ANEXO 6-Táboa de organización das actividades tendo en conta as rutinas diarias e o tempo dispoñible

	MAÑÁ			TARDE	
LUNS 25/ 2/ 13	ASAMBLEA+ (motivación e coñecementos previos)	A1+ A2 A3 Recreo	A4 A5 (reforzo e ampliación para aprendizaxe + rapido)	RUTINAS+ RECAPITULACIÓN A6	A7 Conclusións e repaso do aprendido.
MARTES 26/ 2/ 13	RUTINAS ASAMBLEA + A8 ,	A9 Recreo	A10 Depende do tempo e do interés	RUTINAS, Repaso do visto á mañá polos traballos dos alumnos. A11 e A12+ A12.1	
MÉRCORES 27/ 2/ 13	RUTINAS ASAMBLEA A13 A14	A15 Recreo	A16 A17 (Aproveitamos tempo sobrante para ir completando o panel para a Exposición Final)	RUTINAS, Repaso do visto á mañá polos traballos dos alumnos. + A18	A19 + A20
XOVES 28/ 2/ 13	RUTINAS ASAMBLEA + A21	A22 e A 23 Recreo	A24 (reforzo e ampliación para aprendizaxe)	RUTINAS + A26, A27	A28
VENRES 29/ 2/ 13	RUTINAS ASAMBLEA A29, A30 A31	A32 Recreo	A33	RUTINAS + A34	A35 A36

LUNS 4/3/13	RUTINAS ASAMBLEA + A37.A38	A39 Recreo	A40 Reforzo e ampliación A41, A42	RUTINAS Taller de cociña A43	
MARTES 5/3/13	RUTINAS ASAMBLEA + A44	Recreo	A44	SAÍDA A46 Y A47	
MÉRCORES 6/3/13	RUTINAS ASAMBLEA + A48	A49 Recreo	A50 E a51 Preparar saída	RUTINAS + A52 e A53	
XOVES 7/3/13	RUTINAS ASAMBLEA + A54 "Enredados"	A54 Recreo	A55	RUTINAS + A56 (reflexión actividades da mañá)	A57
VENRES 8/3/13	RUTINAS ASAMBLEA + A58 (Rematamos o panel da semana)			RUTINAS + A59(actividade grupal para Semana da contorna) Exposición e explicación.	

ANEXO 7. Ficha resumida da Unidade Didáctica

A SEMANA DA CONTORNA	DENOMINACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA SE VOU A BUEU EN BOU, VOU	DURACIÓN TOTAL 2 SEMANAS (10 SESIÓNS) 2º TRIMESTRE
OBXECTIVOS TERMINAIS OU CONCRETOS PARA ESTA UD		
<ul style="list-style-type: none"> • CONECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL • Identificar os sentimentos propios e saber comunicalos. • Identificar e respectar os sentimentos alleos establecendo unha actitude empática. • Valorar o traballo ben feito, tanto propio coma a alleo. • Evocar feitos, acontecementos e vivencias persoais. • Adquirir hábitos e actitudes asociadas coa seguridade persoal. • Adquirir hábitos asociados coa alimentación e o fortalecemento da saúde. • Comprender a diferenza de sexos e o papel do home e da muller na sociedade actual 	<ul style="list-style-type: none"> • CONECEMENTO DO ENTORNO • Relacionarse cos demais cada vez de forma máis equilibrada e satisfactoria. • Coñecer a illa de Ons e situar a súa posición xeográfica. • Amosar curiosidade e interese por explorar a flora e a fauna situada na illa de Ons. • Coñecer e recordar as características básicas da flora e fauna da illa de Ons. • Descubrir os oficios e distintos grupos sociais máis representativos de Bueu. • Identificar as ubicacións e as edificacións máis importantes de Bueu, adquirindo unha orientación espacial básica. • Recoñecer das posicións esquerda/dereita e arriba/abaixo respecto a un referente. Dentro/Fora. • Realizar seriacións de elementos verbalizando o criterio da serie. • Situar en orden cronolóxico as escenas de contos ou tarefas previamente plantexadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN • Utilizar e valorar a lingua oral como instrumento de comunicación e de expresión persoal. • Empregar o vocabulario temático e científico. Esforzarse por adquirir un vocabulario correcto. • Realizar os trazos propostos. • Comprender o argumento dos contos e vídeos da unidade. • Escribir palabras da unidade. Esforzarse e interesarse pola escritura de palabras. • Elaborar creacións artísticas partindo de temas presentes na unidade.

CONTIDOS TERMINAIS

- Manifestación e regulación progresiva dos sentimentos, emocións, preferencias, intereses...
- Valoración e actitude positiva ante as demostracións dos sentimentos dos demais, iguais e adultos.
- Gozo e disfrute co xogo como medio para coñecer o entorno de Bueu.
- Adquisición de nocións espaciais sobre a distribución xeográfica de Bueu.
- Conciencia da propia competencia e interese por participar en actividades da vida cotiá.
- Adquisición de hábitos de atención, organización e planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Identificación de hábitos alimentarios adecuados.
- Distinción e coñecemento dos diferentes tipos de flora e fauna presentes na illa de Ons.
- Coordinación, colaboración e axuda cos iguais e cos adultos.
- Interese polas explicacións dos demais.
- Cumprimentación das fichas escritas propostas na unidade.
- Realización das propostas plásticas propostas na unidade.
- Lectura das palabras elixidas do vocabulario de referencia.
- Demostración dos coñecementos adquiridos sobre Bueu mediante as observacións persoais da actividade cotiá da aula.
- Participación nos debates presentes na clase relacionados cos textos expostos ou con aspectos a comprender da unidade.
- Comprensión e actitude atenta dos relatos narrados na clase.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros e compañeiras.
- Resolución pacífica e consensuada dos pequenos problemas que xurdan na aula.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar os sentimentos, ideas e intereses propios e coñecer os dos demais.
- Valoración das tics coma un medio do que obter información.
- Recoñecemento do papel da muller na cultura de Bueu e valoración desta en equivalencia co home.
- Colaboración grupal e harmónica na realización das experiencias, respectando aos compañeiros e mostrando unha progresiva interiorización das pautas de comportamento xeral.
- Demostración de interese por reciclar de forma adecuada todos os restos das actividades realizadas na aula, para evitar a contaminación do medio ambiente e aplicando os procedementos que se explicaron na aula.
- Participación nas dramatizacións.
- Utilización de cámara e vídeo para gardar testemuña gráfica da nosa investigación.
- Produción de observacións razoadas a partir da práctica na aula.
- Trazo e discriminación visual e auditiva dos grafemas seleccionados B,U,E,O,N,S
- Regulación da propia conduta en función das peticións e explicacións dos demais, ao tempo que inflúen na conduta dos demais: pedindo, dando, preguntando, explicando...
- Interese polas explicacións dos demais.
- Valoración de coñecemento científico por encima dos coñecementos vulgares adquiridos por experiencias non contrastadas.

COMPETENCIAS DE REFERENCIA	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE	RECURSOS DIDÁCTICOS	ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN
<p>Autonomía e iniciativa persoal. ACTIVIDADES 3, 5, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 31, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 51, 52, 53, 54, 55, 57, 58, 59.</p> <p>Competencia en comunicación Lingüística. ACTIVIDADES 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 18, 19, 20, 21, 24, 25, 29, 30, 31, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 48, 49, 52, 53, 54, 55, 56, 58, 59.</p> <p>Competencia Matemática. ACTIVIDADES rutinas diarias: 3, 9, 12, 14, 18, 20, 22, 25, 27, 28, 31, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 46, 48, 49, 50, 51, 52, 57.</p> <p>Competencia Social e cidadá. ACTIVIDADE : 2, 4, 7, 9, 10, 11, 13, 15, 19, 20, 21, 25, 6, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 37, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 47, 49, 53, 54, 55, 56, 59.</p> <p>Competencia no Coñecemento e interacción co mundo físico. ACTIVIDADE 1, 2, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59.</p> <p>Tratamento da información e Competencia dixital. ACTIVIDADE : 6, 38, 44, 45, 47, 50, 52, 53, 54, 58.</p> <p>Aprender a aprender. ACTIVIDADE 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59.</p>	<p>Desenvolvemos a actividade na aula como unha situación de encontro e diálogo democrático onde se vai dando forma aos obxectivos e contidos mentres flúen nunha dinámica de colaboración. A organización interna se establece pola relación de todas as UD entre si mediante o nexo de unión dos traballos conxuntos que se van ampliando ao longo do ano. Pouca directividade, primacia da expresión libre da creatividade dos nenos e globalidade como principio director do deseño das actividades.</p> <p>A nosa estratexia básica é idear actividades que proporcionen a todos os nosos alumnos posibilidades de éxito, para afianzar a súa autoestima. Nós temos confianza nas posibilidades de todos os nenos e nenas da nosa aula e programamos para que esas posibilidades se desenvolvan ao máximo e se volvan realidades. En canto aos nenos que se atopan nunha desvantaxe declarada xa fixemos referencia nas adaptacións</p>	<p>- A Pizarra Dixital</p> <p>- A Conexión a Internet.</p> <p>- Software libre: Audacity.</p> <p>- Ferramentas na rede: My Documenta.</p> <p>- Sitios da aula: Google sites.</p> <p>- Material Funxible habitual: Ceras, pinturas, rotuladores, pintura de dedos, temperas, folios, cartóns, telas, revistas, cartolinas, pegamento, tesoiras...</p> <p>- Láminas realizadas para fomentar a aprendizaxe incidental na aula.</p> <p>- Caixa grande de cartón e outros materiais de reciclaxe para facer o panel da exposición.</p> <p>- Xerador de códigos QR</p>	<p>Utiliza a ruta léxica para recoñecer e ler as palabras de referencia nesta unidade.</p> <p>Utiliza a ruta fonolóxica para discriminar os grafemas BUEONS fonemas relacionados.</p> <p>Identifica os propios sentimentos e os dos demais.</p> <p>Disfruta e colabora nas tarefas de gravación das actividades e fotografía.</p> <p>Explica e detalla o conto Ons e lembra opinións e respostas do resto de compañeiros.</p> <p>Disfruta co uso das NTT</p> <p>Ten adecuada coordinación manual e visual para posicionar o punteiro co rato.</p> <p>Memoriza e repite a parte que lle corresponde Das poesía</p> <p>Realiza obras plásticas a imitación das amosadas na aula.</p>

<p>Competencia cultural e artística. ACTIVIDADE : 3, 5, 6, 12, 15, 22, 24, 25, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 41, 43, 45, 46, 47, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 58, 59.</p> <p>Competencia emocional. En todas as actividades</p>	<p>curriculares, e polo que se refire aos nenos que teñan un ritmo de aprendizaxe máis rápido e necesiten maior número de actividades sempre hai nun proxecto deste tipo tarefas que se han de ir completando. Aínda que destacamos entre as actividades algunhas exclusivamente para estes alumnos, o apoio constante a outros alumnos e a axuda aos compañeiros que o necesitan é unha máxima do funcionamento do grupo.</p>		<p>Reproduce os trabalinguas e cancións para esta unidade.</p> <p>Expresase e comunícase a través do uso de diferentes linguas.</p> <p>Utiliza diferentes técnicas plásticas.</p> <p>Amosa adecuadamente os seus sentimentos e respecto os de os demais.</p> <p>Sabe recuperar a calma e actúa reflexivamente en situacións de conflito.</p> <p>Razoa a importancia do traballo das mulleres</p> <p>Expón adecuadamente actitudes saudables e na alimentación.</p>
--	--	--	--

ANEXO 8: AVALIACIÓN

Avaliación do alumnado UD. "Se vou a Bueu en bou, vou"			
Nome:	INFANTIL 5 ANOS/2º TRIMESTRE/COÑECE A TÚA CONTORNA		
Data:			
Items a avaliar	Si	As Veces	Non
Utiliza a ruta léxica para recoñecer e ler as palabras de referencia nesta unidade			
Utiliza a ruta fonolóxica para discriminar os grafemas BUEONS e fonemas relacionados.			
Identifica os propios sentimentos e os dos demais.			
Goza e colabora nas tarefas de gravación das actividades e fotografía.			
Explica e detalla os contos e lembra opinións e respostas do resto de compañeiros.			
Goza co uso das NTT			
Ten adecuada coordinación manual e visual para colocar o punteiro co rato.			
Memoriza e repite a parte que lle corresponde das poesía. .			
Sitúa en nun mapa os lugares da contorna visitados.			
Realiza obras plásticas a imitación das amosadas na aula.			

Reproduce as poesías e cancións para esta unidade.			
Expresase e comunícase a través do uso de diferentes linguas.			
Utiliza diferentes técnicas plásticas.			
Amosa adecuadamente os seus sentimentos e respecto os de os demais.			
Sabe recuperar a calma e actúa reflexivamente en situacións de conflito.			
Razoa a importancia do traballo das mulleres.			
Expón adecuadamente actitudes saudables e hábitos alimenticios saudables.			
Progresou na coordinación de movementos en accións motrices.			
Desenvolver o control corporal adaptando o ton e a postura ás características do obxecto ou da situación.			
Aumentou a coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino e utilización adecuada de obxectos comúns.			
É quen de realizar localizacións espaciais: dentro-fóra, diante-detrás, arriba-abaxo, proximidade-distancia, xuntos-separados, orde e sucesión.			
Utiliza técnicas e recursos básicos das distintas formas de representación e expresión, para aumentar as súas posibilidades comunicativas.			
Traballa para a integración efectiva de todos os compañeiros na clase, colabora nas actividades grupais e non amosa actitudes negativas cara ao resto da clase.			

ANEXO 9- AUTOAVALIACIÓN

	Cumplíronse os obxectivos.	A temporalización é axeitada.	Os recursos foron axeitados.	Avaliación positiva na maioría dos alumnos.	Interese pola actividade pola parte dos alumnos.	O lugar elixido estaba ben acondicionado.	Medios didácticos para a realización das diferentes actividades.	É válida Para realizar noutros cursos.	É adecuada ao desenvolvemento do neno.	Houbo problemas para a consecución dalgun obxectivo. Poñer cal.	Levou a fin a dinámica de traballo establecida	Redundou no logro do traballo común	OBSERVACIÓNS
Actividade 1													
Actividade 2													
Actividade 3													
Actividade 4													
Actividade 5													
Actividade 6													

Etc.....